

CUADRANTE

CUADRANTE
30


Los Amigos
Villafraña
Vikarria de Arona

Revista semestral de Estudos Valencianabros e Históricos

Cuadrante

Revista semestral de Estudos Valleinclanianos e Históricos

Amigos
Valle-Inclán
Vilanova de Arousa



Editada pola
Asociación de Amigos de Valle-Inclán

- 6 XAQUÍN DEL VALLE-INCLÁN ALSINA
VALLE-INCLÁN EN CAMBADOS,
APUNTES BIOGRÁFICOS,
RODOLFO CARDONA
- 26 HISTORIA DE LOS ESTRENOS Y RECEPCIÓN DE LAS
OBRAS DE TEATRO DE VALLE-INCLÁN (1912-1974).
PARTE I.
SANDRA DOMÍNGUEZ CARREIRO
- 60 VALLE-INCLÁN EN ASTURIAS, 1926.
DOCUMENTACIÓN,
JOAQUÍN DEL VALLE-INCLÁN ALSINA
- 114 VALLE-INCLÁN EN RUSIA. UN DIVERTIMENTO.

Valle nas súas orixes:

- 118 BENITO LEIRO
LA AMISTAD DE VALLE-INCLÁN CON
LOS HERMANOS CAMBA,
JESÚS BLANCO GARCÍA
- 138 UN NAUFRAGIO ANTIGUO Y LA SOCIEDAD GALLEGA
TRADICIONAL EN VALLE.

Edita

Asociación de Amigos de Valle-Inclán

Presidente

Joaquín del Valle-Inclán Alsina

Praza dos Olmos, 9 baixo
36620 Vilanova de Arousa
(Pontevedra)

www.amigosdevalle.com
amigosvalleinclan1@hotmail.es

**Cuadrante. Revista semestral
de Estudos Valleinclinianos e
Históricos.**

Número 30. Xuño 2015

Director

Francisco X. Charlín Pérez

Subdirectora

Sandra Domínguez Carreiro

Secretario xeral

Víctor Viana

Redactora xefa

Lorena Paz

Consello de Redacción

Joaquín del Valle-Inclán Alsina
Margarita Santos Zas
Juan Antonio Hormigón
Rodolfo Cardona
Xosé Luís Axeitos
Jesús Blanco García
Juan Fernando de Laiglesia
Fernando López-Acuña López
Xaquín Núñez Sabarís
José María Paz Gago

Ramón Torrado

José María Leal

Ramón Martínez Paz

Xosé Lois Vila Fariña

Antonio Espejo Trenas

Redacción Buenos Aires

Redactora jefe

María del Carmen Porriúa

Consejo de Redacción

Marcelo Topuzian
Raúl Illescas
Adriana Minardi
Mirtha L. Rigoni
Gladys Granata de Egües
Mabel Brizuela
Germán Prósperi
Laura Scarano
Marcela Romano
Marta Ferrari
Danilo Santos



Roteiro literario "A Ría de Arousa na literatura":

- 166 XOAN CARLOS RODRÍGUEZ PÉREZ
INTRODUCCIÓN
MARÍA SALVADORA FERNÁNDEZ DÍEZ
- 170 LA IMPORTANCIA DEL ESPACIO EN LA LITERATURA Y
OBJETIVOS DE LAS RUTAS LITERARIAS.
SANDRA DOMÍNGUEZ CARREIRO
- 174 A IMPORTANCIA DE ENSINAR A VALLE-INCLÁN.
FRANCISCO XAVIER CHARLÍN, LUIS REI
- 180 ROTEIRO LITERARIO
"A RÍA DE AROUSA NA LITERATURA":
VIAXE AO SALNES DE VALLE-INCLÁN E CABANILLAS.

Xestión e administración

Pablo Ventoso Padín
Ángel Varela Señoráns

Comunicación

Luis Menéndez Villalva

Deseño e maquetación

Carlos Sánchez Crestar

Imprime

Imprenta Fidalgo
(Cambados, PO)

Dep. Legal

PO-4/2000

ISSN

1698-3971

Cuadrante non manterá correspondencia sobre orxinais recibidos e non solicitados. A responsabilidade das opinións vertidas pertence exclusivamente ós autores, o mesmo que o respecto á propiedade intelectual, recaíndo sobre eles calquera acción xudicial no caso de producirse plaxio.



Esta revista ha recibido una ayuda a la edición del Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.



**XUNTA
DE GALICIA**

Esta publicación contou cunha axuda da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a través da Secretaría xeral de Cultura.

CEDRO


La Editorial, a los efectos previstos en el artículo 32.1 párrafo segundo del vigente TRLPI, se opone expresamente a que cualquiera de las páginas de *Cuadrante* o partes de ella sean utilizadas para la realización de resúmenes de prensa. Cualquier acto de explotación de la totalidad o parte de las páginas de *Cuadrante* precisará de la oportuna autorización que será concedida por CEDRO mediante licencia dentro de los límites establecidos en ella.

Despois da xira de nove meses por Sudamérica, Valle-Inclán desembarcou o 3 de decembro de 1910 en Vigo dun barco procedente de Buenos Aires. De alí dirixiuse a Pontevedra e logo a Vilanova de Arousa —“donde pensaba adquirir unos terrenos para la construcción de un chalet”— para descansar uns días.

Como quen segue os seus pasos, a revista *Cuadrante*, tralo especial (nº29) dedicado a esa viaxe e á súa relación coa Arxentina, ocúpase no presente número (30), dun modo preferente, de temas que teñen que ver coa súa terra materna. Así, Joaquín del Valle-Inclán fai un estudo documentado da súa volta a Galicia e do seu establecemento en Cambados entre os anos 1912 e 1917; na sección “Valle-Inclán en sus raíces”, Benito Leiro aborda a súa relación cos seus paisanos vilanoveses, os tamén escritores irmáns Camba, mentres que Jesús Blanco reconstrúe, utilizando a memoria oral, o ambiente social da Vilanova da súa época; por outra parte, publicamos —grazas á amabilidade de Xoán Carlos Rodríguez, asesor do Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI)— os textos utilizados nun roteiro literario por terras de O Salnés dedicado ao noso escritor e ao poeta cambadés Ramón Cabanillas, que, dirixido a profesores de Ensino Secundario e Bacharelato, tivo lugar o 25 de abril deste ano, como preludio a outro monográfico que se realizará no espazo da ría de Arousa co gallo da celebración do 150 aniversario do seu nacemento.

Noutra orde de cousas, esta publicación ten o privilexio de ofrecer aos seus lectores, en varias entregas, outro libro inédito do catedrático emérito norteamericano, Rodolfo Cardona. Trátase dun manuscrito dos anos 70 titulado “Historia de los estrenos y recepción de la obra de Valle-Inclán, 1912-1974” concibido como segunda parte do que publicamos con anterioridade, “Trayectoria del teatro de Valle-Inclán”. Pola súa banda, Sandra Domínguez estuda e publica varias recensións aparecidas na prensa asturiana sobre as conferencias que, patrocinadas polos Ateneos obreiros, impartiu Valle por diferentes localidades de Asturias en 1926. Finalmente, Joaquín del Valle-Inclán aborda noutro artigo as traducións da obra de don Ramón ao ruso.

No seu número 31, *Cuadrante* embarcará outra vez rumbo a América para ofrecer un novo monográfico sobre a xira de 1910 por terras de Chile, Uruguay e varias cidades arxentinas non incluídas no anterior volume dedicado ao “país de la plata”.



Después de la gira de nueve meses por Sudamérica, Valle-Inclán desembarcó el 3 de diciembre de 1910 en Vigo de un barco procedente de Buenos Aires. De allí se dirigió a Pontevedra y después a Vilanova de Arousa —“donde pensaba adquirir unos terrenos para la construcción de un chalet”— para descansar unos días.

Como quien sigue sus pasos, la revista *Cuadrante*, tras el especial (nº29) dedicado a ese viaje y a su relación con la Argentina, se ocupa en el presente número (30), de un modo preferente, de temas que tienen que ver con su tierra materna. Así, Joaquín del Valle-Inclán hace un estudio documentado de su vuelta a Galicia y su establecimiento en Cambados entre los años 1912 y 1917; en la sección “Valle-Inclán en sus raíces”, Benito Leiro aborda su relación con sus paisanos vilanoveses, los también escritores hermanos Camba, mientras que Jesús Blanco reconstruye, utilizando la memoria oral, el ambiente social de la Vilanova de su época; por otra parte, publicamos —gracias a la amabilidad de Xoán Carlos Rodríguez, asesor del Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI)— los textos utilizados en una ruta literaria por tierras de O Salnés dedicada a nuestro escritor y al poeta cambadés Ramón Cabanillas, que, dirigida a profesores de Enseñanza Secundaria y Bachillerato, tuvo lugar el 25 de abril de este año, como preludeo a otra monográfica que se realizará en el espacio de la ría de Arousa con motivo de la celebración del 150 aniversario de su nacimiento.

En otro orden de cosas, esta publicación tiene el privilegio de ofrecer a sus lectores, en varias entregas, otro libro inédito del catedrático emérito norteamericano, Rodolfo Cardona. Se trata de un manuscrito de los años 70 titulado “Historia de los estrenos y recepción de la obra de Valle-Inclán, 1912-1974” concebido como segunda parte del que publicamos con anterioridad, “Trayectoria del teatro de Valle-Inclán”. Por su parte, Sandra Domínguez estudia y publica varias reseñas aparecidas en la prensa asturiana sobre las conferencias que, patrocinadas por los Ateneos obreros, impartió Valle por diferentes localidades de Asturias en 1926. Finalmente, Joaquín del Valle-Inclán aborda en otro artículo las traducciones de la obra de don Ramón al ruso.

En su número 31, *Cuadrante* se embarcará otra vez rumbo a América para ofrecer un nuevo monográfico sobre la gira de 1910 por tierras de Chile, Uruguay y ciudades argentinas no incluidas en el anterior volumen dedicado al “país de la plata”.

Francisco Xavier Charlín Pérez





Unha viaxe ao Salnés de Valle-Inclán e Cabanillas

ROTEIRO LITERARIO: A RÍA DE AROUSA NA LITERATURA

Roteiro Literario

“A Ría de Arousa na literatura”

Viaxe ao Salnés de Valle-Inclán e Cabanillas

Francisco Xavier Charlín
Luís Rei

I. PUNTUALIZACIÓNS SOBRE A ORIXE E DESENVOLVEMENTO DA IDEA DO PRESENTE ROTEIRO

1) A idea de realizar un roteiro centrado na vida e obra de Valle-Inclán e escritores en lingua galega da ría de Arousa —Cabanillas, Castelao, Dieste e Manuel Antonio— xurdiu nos Departamentos de Lingua e Literatura Galega e Lingua e Literatura Castelá do IES “Alfredo Brañas” de Carballo no ano 2000. Púxose en práctica con alumnos de 2º de bacharelato —acorde a programación nese nivel da obra dos autores— entre os anos 2001 e 2010, nun período no que cómpre distinguir dúas etapas: na primeira (2001-2004) combinouse **Valle-Inclán** con **Ramón Cabanillas**, polo que se programou unha visita ás vilas de Vilanova de Arousa e Cambados e un percorrido pola bisbarra do Salnés, visitando lugares significativos como o monte de Lobeira, o mosteiro da Armenteira e a ermida e areal da Lanzada; na segunda (2004-2010) Cabanillas foi substituído por **Castelao, Dieste e Manuel Antonio**, polo que houbo que variar o itinerario: permaneceu como punto de partida Vilanova de Arousa, pero permutouse o percorrido terrestre do Salnés por unha travesía en catamarán da ría de Arousa, dende Vilanova ata Pobra do Caramiñal para, de seguido, continuar por estrada a Rianxo.

2) O roteiro que agora propomos reproduce o itinerario daquela primeira xeira, “a dos dous Ramóns” —**Valle-Inclán-Cabanillas**— mais engade ao comezo un importante

1 Foi a raíz da publicación dos tres primeiros números da revista *Cuadrante* (0, 1 e 2), dedicados a estudar as raíces familiares do escritor, analizar o entorno histórico-social e xeográfico no que creceu —Vilanova de Arousa, O Salnés, Barbanza— e describir a xeografía literaria da súa obra ambientada en Galicia.

elemento da segunda: a travesía da Ría —**Vilanova-Pobra-Vilanova**— en barco.

3) O texto de comentario ao roteiro que se ofrece a continuación comeza cunhas consideracións sobre ambos autores e a súa obra que inclúen un breve e parcial esbozo biográfico. A continuación describíense, seguindo a orde cronolóxica da viaxe, os puntos de interese do itinerario, acompañados de anotacións que contextualizan histórica e socialmente os datos biográficos e citas de obras incluídas; aparecen en apartados separados (indicándoo deste xeito: “VIDA.-” “INTERESE BIOGRÁFICO.-” “OBRA.-” “INTERESE LITERARIO.-”) aqueles lugares que teñen interese biográfico dos que o teñen literario aínda que, ás veces, coincidan ambos. Aínda que a primeira parte (Vilanova de Arousa e entorno) se centra con preferencia en Valle-Inclán (**abreviado como VI**) e a segunda (Cambados e entorno) en Cabanillas (**abreviado como CAB**), intercalamos entradas de ambos en todo o percorrido ao tratarse de dous escritores que teñen a toda a comarca do Salnés como espazo literario.

NOTA: Na publicación deste roteiro en *Cuadrante* respectamos o texto —negriñas para enfatizar frases ou palabras....— orixinal, tal e como foi entregado aos profesores participantes ese día. Só cambiamos evidentemente o deseño e as imaxes.



No cemiterio de Santa Mariña, Cambados

2. CONSIDERACIÓNS PREVIAS ACERCA DE AMBOS AUTORES

2.1. RAMÓN DEL VALLE INCLÁN

Vilanova de Arousa, 1866–1936, Santiago de Compostela

GALICIA E VALLE INCLÁN

É de sobra coñecido o importantísimo papel que Galicia e a súa cultura tiveron na **vida** e na **literatura** de Valle-Inclán pese a non ter escrito a súa obra en galego, mais por cuestión de espazo e obxectivos non é este o lugar para tratar disto.

APUNTAMENTO BIOGRÁFICO

Aínda así, cómpre lembrar brevemente que o escritor naceu e pasou a súa infancia e xuventude en **Vilanova de Arousa (1866-1891)**; que foi educado por un pai de ideas progresistas e republicanas moi vencellado ao Rexurdimento e ao Rexionalismo; que estudou bacharelato en **Santiago e Pontevedra (1881-1885)**, cidade esta última onde despois iniciou a súa carreira literaria ao publicar en 1895 o seu primeiro libro, *Femeninas*; que estudou —sen rematala— a carreira de Dereito na Universidade de **Santiago (1885-1890)** onde foi alumno de Alfredo Brañas e tratou ao amigo de seu pai e mestre, Manuel Murguía, ambos líderes do Rexionalismo, no que militou neses anos; que en 1912 regresou de Madrid a Galicia para vivir ata 1917 en **Cambados** e despois na **Pobra do Caramiñal** deica 1922; e que o último ano da súa vida transcorreu en **Santiago** —a cidade que con Roma tiña idealizada—, onde morreu e foi soterrado en 1936. **Esta foi a xeografía galega da súa vida.**

XEOGRAFÍA LITERARIA

Respecto da **xeografía da súa extensa obra literaria**, hai que sinalar que aproximadamente a metade da mesma (50% —30 obras de 60, incluíndo textos maiores e menores; narrativa, teatro e poesía) tén a Galicia como espazo e ambiente de referencia²; e tamén que este se circunscribe a un marco xeográfico moi concre-

to: a cidade de Santiago e as dúas bandas da **Ría de Arousa: O Barbanza** e, sobre todo, de xeito predominante, **O Salnés, que é onde centraremos o noso percorrido literario.**

A obra de Valle-Inclán é pródiga en pasaxes narrativas e ano-

Lourizán, Pontevedra, c. 1910

² 33 CONTOS (aprox.): en *Varia* e 17 en *Jardín umbrío*; 5 NOVELAS CURTAS. *Epitalamio-Augusta*; *Rosarito*; *La Condesa de Cela*; *Eulalia*; 3 NOVELAS: *Flor de santidad*; *Sonata de otoño*; *Los cruzados de la causa*; 10 OBRAS DE TEATRO: *El marqués de Bradomín*. *Coloquios románticos*; *Águila de blasón*; *Romance de lobos*; *Cara de Plata*. *El embrujado*, *Tragedia de Tierras de Salnés*; *Divinas palabras*; *La rosa de papel*; *Ligazón*; *Las galas del difunto*; 2 LIBROS DE POEMAS. *Aromas de leyenda* e *El pasajero*; e *La lámpara maravillosa* con referencias fundamentais a Santiago e Salnés.

Artistas e literatos da ría de Arousa,
na revista *Estampa*, 142, ano 3,
Madrid (30-9-1930) pp. 28-30.

Arriba, de esquerda a dereita:

Julio Camba, escritor, Vilanova
Francisco Asorey, escultor, Cambados
Valle-Inclán, escritor,
Vilanova
Luis Fernández Gil, his-
toriador, Vilagarcía
Francisco Camba, escri-
tor, Vilanova

Medallóns centrais:

Carlos del Valle-Inclán, poeta, Vilanova
Narciso Pérez Rey, escultor, Cambados
Ramón Cabanillas, poeta, Cambados
Jaime Solá, novelista, O Grove

Retratos inferiores:

Daniel R. Castelao, debuxante, Rianxo
Manuel Antonio, poeta, Rianxo
Laureano Santiso, historiador,
Pontecesures
Carlos Maside, escultor, Pon-
tecesures
Rafael Dieste, escritor, Rianxo



tacións teatrais que describen brañas, gándaras, montes comunais con “pedras célticas doradas por líquenes milenarios”, areas desertos onde zoa o vento...; vilas antigas con igrexas románicas e barrocas, rúas enlousadas, pazos, rectorais campestres...; e topónimos reais e inventados como Brandeso, Bradomín, Céltigos, Gondar, Lugar de Condes, Lugar de Frades, Viana del Prior, Flavia Longa... que nos evocan paisaxes, lugares e nomes familiares ao noso imaxinario do territorio galego.

Obras de lectura recomendada para realizar este roteiro

NARRATIVA: as novelas *Sonata de outono*, *Flor de santidade*, *Los cruzados de la causa* e algúns contos de *Jardín umbrio*.

TEATRO: as *Comedias bárbaras* — *Cara de Plata*, *Águila de blasón* e *Romance de lobos* — sobre todo estas dúas últimas, *El marqués de Bradomín*. *Coloquios románticos*, *El embrujado*. *Tragedia de Tierras de Salnés* e *Divinas palabras*.

POESÍA: *Aromas de leyenda*, *El pasajero*.

2.2. RAMÓN CABANILLAS

Cambados, 1876-1959, Cambados

BIOGRAFÍA

Ramón Cabanillas Enriquez naceu en **Fefiñáns (Cambados)** o día **3 de xuño de 1876**, “chovendo a Dios dar ágoas”, segundo el mesmo contaba. Foi bautizado na igrexa parroquial de San Hadrián de Vilarino como Ramón Enriquez, pois ese era o apelido da súa nai, Joaquina. José Cabanillas, o pai do neno Ramón, recoñeceu legalmente como fillo algúns anos máis tarde.

No outono de 1889, **cando contaba 13 anos**, ingresou como **interno no Seminario de Compostela**, onde estudou até o curso 1892-93.

De volta en Cambados, traballou primeiro nunha **notaría** e máis tarde como oficial de contabilidade no concello cambadés. Despois de deixar o seu posto funcional foi durante algúns anos **axente de negocios, desenvolvendo tal labor en Cambados, Pontevedra e Vilagarcía**. Neste período Cabanillas casou e formou unha numerosa familia (tivo sete fillos) ao tempo que escribía en publicacións locais como *El Umia* (1907) ou *El Cometa* (1910), escritos que foron decantando o seu enfrontamento co poder político.

En **setembro de 1910** Cabanillas **embarcou con rumbo a Cuba**. Alí o xornalista crítico vaise convertendo en poeta, primeiro como cantor nostálxico das paisaxes nativas e máis tarde a través de versos de combate agraristas e galeguistas. Durante os **cinco anos** que Cabanillas permaneceu en Cuba, mentres gañaba o pan en traballos moi diversos, colaborou en múltiples revistas e publicou dous libros — ***No desterro, 1913* e *Vento Mareiro, 1915*** — que o converteron, a ollos de boa parte da crítica, no continuador do “Rexurdimento galego”: o poeta que entroncaba con Rosalía, Curros e Pondal ao tempo que anovaba a poesía galega.

Coincidindo co seu **retorno a Galiza**, o poeta participou nos primeiros pa-



sos do grupo das **Irmandades da Fala**, colaborando asiduamente no seu boletín, **A Nosa Terra**. Nesta etapa decidiu publicar unha “obra completa” que recollese os poemarios editados en Cuba e o novo material creado á calor do **novo idearío nacionalista**, pero só saíu un libro, **Da Terra asoballada, 1917**, unha selección dos poemas de combate. Coa vontade de promover o uso do idioma galego en todos os ámbitos escribiu a **obra teatral A man de Santiña**, estreada en **1919** e publicada en **1921**, e tamén compuxo, en colaboración con Antón Vilar Ponte, **O mariscal**, traxedia en verso arredor da figura de Pardo de Cela. En **1920 Ramón Cabanillas realizou o seu ingreso na Academia Galega**. Durante este período a súa principal ocupación laboral foi a de **secretario local**, concretamente no Concello de Mos.

Despois dun **par de anos en Madrid**, Ramón Cabanillas **instalouse en 1924 en Mondariz**, onde ademais de desenvolver diversos traballos, tivo o seu máis fértil período creativo. Por influxo de Vicente Risco comezara a escribir, algún tempo atrás, as **sagas do ciclo artúrico**, extensos poemas narrativos que completou e publicou en **1926** baixo o título de **Na noite estrelecida**. A épica medieval galega inspirou a Cabanillas algúns longos poemas que foron publicados no seu momento no diario *Galicia* de Vigo e recollidos anos despois no libro **Camiños no tempo (1949)**. Tamén escribiu poemas relixiosos, cun certo aire etnográfico, como **O bendito San Amaro (1925)** ou **As romaxes da Franquetra (1926)**. Este foi tamén o

Cambados, c. 1905



tempo de compor un poemario con versos amorosos, intitulado *A rosa de cen follas*. En 1927 o cambadés é escollido para ocupar unha **cadeira na Real Academia Española en representación do idioma galego**.

Entre 1927 e 1949 Cabanillas non publicará ningún libro novo. Isto débese ao azaroso da súa aventura vital, xa que se trasladou a Madrid para exercer como académico e alí ficou a vivir durante toda a Segunda República, lapso no que estivo distante do galeguismo a pesar de ser candidato por tal opción política nas eleccións constituíntes de 1931. Durante a Guerra Civil retornou a Galiza pero non eran aqueles bos anos para a escrita en galego e tampouco foron bos anos para el, que padeceu múltiples penalidades.

En 1948, ás portas dos 72 anos de idade, Cabanillas **foi descansar unha tempada ao mosteiro bieito de Samos** e foi alí onde retomou con forza o seu labor creativo. Naquel cenobio Cabanillas **escribiu *Antífona da cantiga***, publicado en **1951** e o **poema *Samos***, editado en **1958**. Nesta etapa de vellez, que o poeta viviu entre Madrid, Cambados, Barakaldo e Samos, apareceron, ademais do xa citado *Camiños no tempo*, a breve colección de versos ***Da miña zanfona (1954)*** e ***Versos de alleas terras e de tempos idos (1956)***, versións ao galego de poemas clásicos gregos e latinos.

Estando convalecente en Barakaldo na casa dunha súa filla, Ramón Cabanillas sentiuse peor e, pensando que a súa hora tiña chegado, fixo, no outono do ano 57, a

derradeira viaxe a Galiza. En **1958** rendéuselle unha **multitudinaria homenaxe en Padrón**. O 9 de novembro de **1959 finou en Cambados**, sendo soterrado no cemiterio do seu Fefiñáns natal.

CABANILLAS: POETA DAS TERRAS E DO MAR DO SALNÉS

Nunha comarca e Ría tan pródiga en talentos literarios -cunha nómina tan extensa de escritores que permite ir de Ribeira a O Grove, de porto en porto, navegando con autores como Lustres Rivas, Fernández Mato, García Martí, Castelao, Manuel Antonio, Eusebio Lorenzo, (Rosalia e Camilo J. Cela, se se quere) Anxos Sumai, Bouza Brey, Julio e Francisco Camba, Herminia Fariña ou Lueiro Rey— escoller dous autores como Valle e Cabanillas para que a súa literatura nos guíe por un roteiro nas terras do Salnés, non é unha decisión aleatoria, senón o resultado da obra de dous grandes escritores que revolucionaron no seu momento a literatura española e galega respectivamente e que, ademais deixaron nos seus textos unha moi grande presenza da paisaxe e paisanaxe saliniense.

3. Ruta biográfico-literaria Valle-Inclán (VI) Cabanillas (CAB)

I^A ETAPA

Comezamos a viaxe cunha travesía en barco pola ría de Arousa: Vilanova de Arousa-Pobra do Caramiñal-Vilanova de Arousa

PUNTOS DE INTERESE


POBRA DO CARAMIÑAL

Interese Biográfico (VI):

Nesta vila naceu en 1823 o pai de Valle-Inclán, Ramón del Valle-Bermúdez, fillo do oficial do exército Carlos del Valle-Inclán, natural do pazo da Rúa-Nova (András-Vilanova de Arousa) e de Juana Bermúdez Pontey Andrade, rica propietaria rendeira da localidade; aquí viviron dúas tías paternas de Valle-Inclán, quen residiu en Pobra entre 1917 e 1922, cando xa era un escritor consagrado. Tamén aquí naceron algúns dos seus fillos.

Interese Literario (VI):

Pobra pode considerarse trasunto real da literaria Viana del Prior en *Divinas palabras*, *Águila de blasón*, *Los cruzados de la causa* e *Romance de lobos*. A lóxica xeográfico-literaria di, sen embargo, que a Viana de *Cara de Plata* e a da *Sonata de otoño* é unha vila sita no Salnés.



TRAVESÍA RÍA AROUSA

Interese Biográfico (VI):

Nos anos de infancia e xuventude de Valle, unha **lancha de pasaxe ou “galeón a vela”** —naquel intre a do patrón Ventura Pombo, arrendatario do transporte marítimo— **facía esta travesía transportando pasaxeiros, gando e mercadorías entre Vilanova, a Illa de Arousa e Pobra**. Así o describía Carlos del Valle-Inclán Peña (1865-1935), o irmán maior do noso escritor, no seu libro *Escenas gallegas* (1894) no que rememora escenas habituais e costumes vividos e observados na súa infancia e adolescencia vilanovesa:

Cotidianamente, a poco de haber dado las ocho y media de la mañana, despertaba a los pererezos vecinos un prolongado laaau! que repercutía en todo el pueblo. El humano grito, que tal era, aunque parezca mentira, lanzábalo a los cuatro vientos un marinero medio idiota anunciando la salida de la lancha de Ventura para la banda del mar. Al oír la señal particularísima, disponíanse apresuradamente los preparativos por aquellos que tenían el gusto o la necesidad de atravesar el charco.

Los días de feria especialmente eran de mucha concurrencia y de mucho negocio para el amo de la lancha (...) La gente iba llegando y, con unos que se embarcaban y con el fól de millo que dejaban otros, para que a los dos días se lo devolviesen de harina los muiñeiros del Río das Pedras, iba ocupándose la embarcación (...) encontrando siempre los marineros con extraña habilidad sitio donde acomodar un par de bueyes o media ducea de vacorriños.

Con rapidez si era el favor en popa o de bolina; voltejeando cuando soplabla la “travesía” de los picachos de Barbanza; en acompasado y desesperante bogar, cuando la calma chicha dejaba el lago hecho una balsa de aceite, podía tardarse lo mismo una hora escasa que cuatro o seis, en el recorrido de las siete millas de agua que nos alejaban del pintoresco Caramiñal; pero no se hacía, sin embargo, pesado el viaje. Estivados en la bodega con las rapazas de Corón que van al mercado a vender las frutas riquísimas y las hortalizas de Salnés, no sentíamos la rudeza del cierzo helado ni los remolletes que, entrando por la proa, bautizaban la lancha de sotavento a barlovento. (...) Allí sentados, más o menos incomodamente, pasábamos el viaje a contos...

(*Escenas gallegas*, Carlos del Valle-Inclán, páxs 65-68, ed. 2002)

Interese Literario (VI):

Esta estampa, repetida a cotío, foi utilizada como marco ambiental nunha das **Comedias bárbaras, *Águila de blasón***, concretamente na **escena sexta-xornada segunda** cando Dona María —que vive na casona de Flavia Longa, posible trasunto de Vilanova— cruza a ría en galeon a vela para visitar en Viana del Prior a seu home, Don Juan Manuel Montenegro, do que vive separada. Reproducimos dúas anotacións e algúns diálogos:

Un mar tranquilo de ría, y un galeón que navega con nordeste fresco. Viana del Prior, la vieja villa feudal, se espeja en las aguas. A lo lejos se perfilan inmóviles algunas barcas pescadoras. Son vísperas de feria en la villa, y sobre la cubierta del galeón se agrupan chalanes y boyeros que acuden con sus ganados. Las yuntas de bueyes, las cabras merinas y los asnos rebullen bajo la escotilla y topan por asomar sobre la borda sus ojos tristes y mareados.

UN MARINERO.- Vamos a tener virazón.

OTRO MARINERO.- Gaviotas por tierra, viento sur a la vela.

EL PATRÓN.- Nunca salió mentira.

(...)

El galeón navega en bolina. Se oye el crujir marinero de las cuadernas, se ciernen las gaviotas sobre los mástiles, y quiebran el espejo de las aguas dando tambos los delphinés. Por la banda de babor entra un salsero de espuma, y la señora del hábito franciscano, reza. Un viejo mendicante que pide limosna para las ánimas, se levanta exhortando a dar para una misa.

EL PATRÓN.- No haya temor, Doña María.

EL MENDICANTE.- Vosotros siempre decís que no haya temor, y la otra feria faltó poco para que todos pereciéramos.

EL PATRÓN.- Faltó lo mismo que ahora.

La señora, sin interrumpir el rezo, sonríe con amable melancolía, y da limosna al viejo. Se advierte que su pensamiento está muy distante. El galeón da fondo en la bahía y los marineros que lo tripulan hablan a voces con un viejo patriano de gorro catalán y soubarba, que sentado en una peña recoge sus aparejos de pesca. La señora desembarca y desaparece a lo largo del arcenal acompañada del clérigo de aldea.

(Águila de blasón, xornada II, escea VI, páxs. 371-372)⁵

A que na actualidade —dende 1940 aproxim.— é unha paisaxe mariña ocupada por bateas de cultivo de mexillón, era no **último terzo do XIX un mar inzado de galeóns, dornas e lanchas a vela dedicadas preferentemente á pesca da sardiña**. Tripuladas habitualmente por 4 ou 5 mariñeiros o “rapaz” e mailo patrón, abastecían de peixe as numerosas fábricas de salga (ou salazón) existentes na Ría. Valle-Inclán tamén inmortalizou isto, situando nunha destas embarcacións outra escena das **Comedias bárbaras**, esta vez de **Romance de lobos**. Así sucede nas tan shakespearianas **escenas terceira e sexta da xornada primeira** cando **Don Juan Manuel Montenegro cruza** “en la noche de tempestad atlántica mejor evocada de todas las literaturas” (como dixo Otero Pedrayo) **a ría** entre as imaxinarias vilas de Viana e Flavia **na lancha de pesca do patrón Abelardo** para ir despedirse de Dona María que está agoniando.

ESCENA TERCERA

Noche de tormenta en una playa. Algunas mujerucas apenadas, inmóviles sobre las rocas y cubiertas con negros manteos, esperan el retorno de las barcas pescadoras. El mar ululante y negro, al estrellarse en las restingas moja aquellos pies descalzos y mendigos. Las gaviotas revolotean en la playa, y su incesante graznar y el lloro de algún niño, que la madre cobija bajo el manto, son voces de susto que agrandan la voz extraordinaria del viento y el mar. Entre las tinieblas brilla la luz de un farol.

DON JUAN MANUEL MONTENEGRO y EL MARINERO bajan hacia la playa.

EL MARINERO.- ¡Ya alcanza mi amo cómo no está la sazón para hacerse a la mar!





EL CABALLERO.- ¿Dónde teneis atracada la barca?

EL MARINERO.- A sotavento del Castelo.

EL CABALLERO.- Como habeis venido, podemos ir...

EL MARINERO.- Era día claro, y tampoco reinaba este viento, cuando largamos de Flavia Longa. Aun así nos comía la mar. Vea cómo lostrega por la banda del Sudeste: ¡Hay mucha cerrazón!

EL CABALLERO.- ¡Hay otra cosa!... ¡Miedo!

EL MARINERO.- El mar es muy diferente de la tierra, y de otro respeto, Señor Don Juan Manuel.

EL CABALLERO.- ¡No sois marineros, sino mujeres!

EL MARINERO.- Somos marineros, y por eso miramos los peligros que apareja la travesía. Al mar, cuanto más se le conoce más se le teme. No le temen los que no le conocen.

EL CABALLERO.- Yo le conozco y no le temo.

EL MARINERO.- No le teme, porque usted no teme ninguna cosa, si no es a Dios.

EL CABALLERO.- ¿Cuántos marineros sois?

EL MARINERO.- Cinco y el rapaz, que no merece ser contado. Hemos venido con los cuatro rizos, y afnda hubimos de arriar la vela al pasar La Bensa.

EL CABALLERO.- ¡Que noche fiera!

EL MARINERO.- No se ve ni una estrella.

EL CABALLERO.- ¡Ni hace falta! Si fueseis gente de mar, os gustaría este tiempo bravo.

EL MARINERO.- ¡Es mucho tiempo!

EL CABALLERO.- Siempre preferible a la calma.

Han llegado al atracadero donde se abriga la barca. Grandes peñascales coronados por las ruinas de un castillo. EL MARINERO se adelanta, y con el farol explora el camino para bajar a la orilla. Es peligroso el paso de aquellas rocas cubiertas de limo, donde los pies resbalaban. En el abrigo se adivina la forma de la barca. Un farol cuelga del palo, y lo demás es una mancha oscura. EL MARINERO da una gran voz.

EL MARINERO.- ¡Abelardo!

EL CABALLERO.- ¿Es el patrón?

EL MARINERO.- Sí, señor.

EL CABALLERO.- Su padre era un lobo para la mar.

EL MARINERO.- Pues el hijo le gana... ¡Abelardo!

UNA VOZ EN LAS TINIEBLAS.- ¿Quién va?

EL MARINERO.- Sube para darle la mano al Señor Don Juan Manuel... Yo mal puedo con el farol.

EL CABALLERO.- ¡No te muevas, Abelardo! Me basto solo.

Bajan a la orilla del mar. Se oye el vuelo de las gaviotas, convocadas por el viento y la noche.

Una sombra se acerca: Sus pasos fósforecen en la arena mojada. Los relámpagos tiemblan con brevedad química sobre el mar montañoso, y se distingue la barca negra, cabeceando al socaire de los roquedos.

EL CABALLERO.-¿Eres tú Abelardo?

EL PATRÓN.- Para servirle, Señor Don Juan Manuel.

EL CABALLERO.- A ti no te conozco... A tu padre le he conocido mucho... Me acuerdo de una apuesta que ganó. Era ir nadando hasta la Isla⁴.

EL PATRÓN.- ¡De poco le ha servido al pobre aquella destreza!

EL CABALLERO.- ¿Murió ahogado?

EL PATRÓN.- Murió, sí, señor.

EL CABALLERO.- ¿Cuándo embarcamos?

EL PATRÓN.- Cuando el tiempo lo permita.

EL CABALLERO.- ¡Tú no morirás como tu padre! Tú tienes que pedir permiso al tiempo para hacerte a la mar. Cuando lleguemos estrá fría aquella santa. ¡La muerte no tiene tu espera, hijo de Peregrino el Rau!

A la luz de los relámpagos se columbra al viejo linajudo erguido sobre las piedras, con la barba revuelta y tendida sobre un hombro. Su voz de dolor y desdén vuela deshecha en las ráfagas del viento. El hijo de Peregrino el Rau hace vocina con las manos.

EL PATRÓN.- Muchachos, vamos a largar.

UN MARINERO.- El viento es contrario y no llegaremos en toda la noche. Si no ocurre avería mayor.

OTRO MARINERO.- Más valía esperar.

OTRO MARINERO.- Al nacer el día acaso salte el viento.

EL CABALLERO.- ¿En qué año nacisteis? ¡Un rayo me parta si no habeis nacido en el año del miedo!

EL PATRÓN.- ¡A embarcar, rediós! Meter a bordo el rizón.

A la voz de EL PATRÓN los cuatro hombres que tripulan la barca, uno tras otro, van saltando a bordo con un rosmar de protesta. EL PATRÓN manda aparejar la vela y se inclina sobre la borda de popa para armar la caña del timón. Después se santigua. La barca se columpia en la cresta espumosa de una ola. Comienza la travesía.

Cruzan a Ría e co velame roto encallan nunhas rochas a carón do areal de **Las Inas (As Sinas-Vilanova de Arousa⁵)**:

ESCENA SEXTA

Una playa de pinares: En aquella vastedad desierta, el viento y el mar juntan sus voces en un son oscuro y terrible. La barca, con el velamen roto, ha dado a través en los arrecifes de la orilla, y un marinero salta a reconocer la tierra. EL PATRÓN habla desde a bordo.

EL PATRÓN.- Este arenal paréceme que debe ser el arenal de Las Inas. Busca a ver si descubres el Con del Frade⁶.

EL MARINERO.- Ni aun las manos alcanzo a verme. Los pinares se me figuran los Pinares del Rey⁷.

EL CABALLERO.- Entonces nos hallamos entre Campelos y Ricoy.

EL MARINERO.- Es una playa de arena gorda.

EL PATRÓN.- Hasta que no amanezca no señalaremos adónde arribamos.

EL MARINERO.- Con tal noche, era sabido. Suerte que no naufragamos.

EL CABALLERO.- Suerte para nosotros, que no dirán lo mismo los delfines.

⁴ A Illa de Arousa.

⁵ Na praia de As Sinas — 2 km. do centro de Vilanova de Arousa — existe un Albergue Xuvenil do mesmo nome, pertencente a Xuventude-Xunta de Galicia (ver internet: **xuventude.xunta.es**), no que poden pernoctar — previo aviso e trámites — excursións con alumnos.

⁶ Rocha granítica en forma de bolo situada nas inmediacións de Vilanova de Arousa.

⁷ Pinar costeiro próximo a Vilanova de Arousa.

Se oye a lo lejos una campana, una de esas campanas de aldea, familiares como la voz de las abuelas. Tañe con el toque del nublado.

EL CABALLERO.- Debemos hallarnos cerca de San Lorenzo de Andrés⁸. Conozco la campana.

(*Romance de Lobos*, xornada I, escenas III, VI, páxs. 453-462)

2^A ETAPA: VILANOVA DE AROUSA

Esta vila, que hoxe presenta unha fachada marítima ocupada por edificios “modernos” e fábricas de conserva, así como un porto cuxas darsenas se dedican case exclusivamente á descarga de mexillón —

⁸ Aldea situada a 4 km de Vilanova de Arousa. Nela sitúase o Pazo da Rúa Nova, solar orixinario do apelido Valle-Inclán.

⁹ Vilanova de Arousa aséntase nun espazo ocupado na antiguidade por dous castros. Sobre un deles. Cálogo, fundouse no século IX un pequeno cenobio e unha igrexa de custodiaba reliquias de San Cibrán, bispo de Cartago. Sobre o outro, situado nunha pequena península no actual centro urbano, o rei de Galicia, Afonso VII fundou en 1142 unha poboación co nome de Villam Novam, que pasou, desde ese momento ata 1835, a ser cabeza dunha extensa xurisdición. Participou entre os séculos XIV e XVI no movemento comercial marítimo europeo coa exportación a Levante, Italia e Castela de salazóns de sardiña, ostras, escabeches e ceciais; e de limóns e viño a Inglaterra. Isto propiciou un crecemento urbano e demográfico que levou a Pedro Teixeira a calificala na *Descripción de España y de las costas y puertos de sus reinos* como “lugar de grande poboación”, e explica o destacado papel que na antiseñorial Revolución Irmandiña desempeñan o seu Gremio de Mareantes e o seu alcalde Roi Vicente. O século XVII foi de crise e decadencia, da que se recuperaría a mediados do XVIII coa instalación de numerosos fomentadores cataláns que reactivaron o comercio da sardiña. O século XIX trouxo o final do Antigo Réxime e con el a desaparición en 1836 do Priorado beneditino e do seu Prior así como a fin da xurisdición da vila cuxo señorío detentaba o arcebispo de Compostela.

¹⁰ Poema “Recordos” de Julio Camba, Buenos Aires, xuño de 1901.

primeiro en volume de Galicia— e ao atraque de veleiros de recreo e deportivos, ofrecía un aspecto bastante diferente no tempo de Valle-Inclán⁹.

Era entón (1866-1895) unha vila mariñeira de algo máis de mil habitantes e arredor de trescentas “alegres e brancas”¹⁰ casas de pedra encalada. Sustentaba principalmente a súa economía na pesca da sardiña, que abastecía as catro fábricas de salazón daquela existentes, que destinaban a súa produción ao mercado peninsular, Francia e Italia. Nestas fabricas, propiedade dos fomentadores ou “fabricantes”, traballaban ferreiros e toneleiros facendo envases e tamén espichadoras e estibadoras que gañaban un salario de 50 céntimos de peseta ao día; cobraban 60 as que esperaban a chegada das lanchas e cargaban cestas de medio milleiro de sardiñas para conducilas ás fábricas. Trala arribada a algunha das catro rampas ou peiraos polo de entón existentes¹¹ os mariñeiros podían acudir a algunha das doce tabernas —e ao tempo almacens “ultramarinos”— que había na vila, onde aparte de viños do país se despachaban augardentes de caña, anís, mistelas, gas, aceite, figos pasos, xabón e uvas pasas de Málaga, sebo fino de California e demais produtos peninsulares e de ultramar que se descargaban no veciño porto de Carril-Vilagarcía.

Mais, na vila onde transcorreu a infancia e xuventude de Valle-Inclán, ademais da xente de mar, tamén residían “propietarios” rendeiros¹² como seu avó materno Francisco Peña, e vivían e traballaban panadeiros, artesáns, boticarios, cocheiros de liña, funcionarios municipais, dous médicos, un mestre de escola, un notario,



“traficantes de pescadas” e José Benito Rivas, o cura párroco que bautizou ao futuro escritor. Este último tiña que atender as catro capelas e dúas igrexas con que contaba a localidade: “A Pastoriza” (sec. XVIII e XIX) —na que bautizaron a Valle diante dunha Trindade— o “Alabastro inglés”— traída de Inglaterra por mercaderes locais no século XV— e a románica do expriorado de Cálogo que, coas súas seis capelas adosadas entrara en progresivo estado de ruína.

No último terzo do XIX, Vilanova era a capital dun concello de arredor de 6000 habitantes, situado nunha comarca, O Salnés, onde o núcleo Carril-Vilagarcía destacaba dende fins do XVIII como porto e enclave comercial da burguesía de Compostela —importación de cáñamo e madeira do Báltico, ferro, cacao, azucre, aceite, carbón de Cardiff...— e lugar de asentamento de industria de fundición férrea e curtume de coiro, o que propiciou a construción en 1866-1873 da primeira liña ferroviaria de Galicia, Santiago-Carril. En troques, a fidalga e curial Cambados, que integrara no seu concello as históricas xurisdicións de Fefiñáns e Santo Tomé, destacaba por ostentar o rango de capital do partido xudicial e ser asento da máis sinalada fidalguía comarcá.

PUNTOS DE INTERESE

O recorrido pola vila natal de Valle-Inclán divídese en dúas partes: a) Visita a O Cuadrante, Casa-Museo Valle-Inclán, e xardín. b) Paseo-recorrido polas rúas antigas da vila, facendo un alto fronte á fachada da casa natal (O Cantillo) e a igrexa da Pastoriza, onde foi bautizado.

A. VISITA A O CUADRANTE: CASA MUSEO VALLE-INCLÁN¹⁵

Interese Biográfico (VI):

Foi, dende 1846, o domicilio de seus avós maternos, **Francisco Peña (1809-1882) —alcalde de Vilanova cando naceu seu neto e mais durante 21 anos no século XIX— e Josefa Montenegro y Saco-Bolaño (1833-1895)**. A casa e horta do Cuadrante proceden das **propiedades desamortizadas en 1846 ao Priorado beneditino** de San Cibrán de Cálogo. Trátase dun edificio de pedra alongado que

¹⁵ O actual porto comezou a construírse en 1906 e rematouse en 1910, o que cambiou o aspecto da liña de costa.

¹⁶ Percibían rendas forais polas terras e casas das que eran propietarios; prestaban cartos a un interese do 8% anual; e tamén tiñan como negocio a aparcería de gando, fundamentalmente bois para o engorde e exportación polo porto de Carril-Vilagarcía a Inglaterra.

¹⁷ A condición de casa natal disputase entre esta e O Cantillo.

consta de baixo e un andar ao que se accede por dous patíns (escaleira e solaina) exteriores. Posúe horta e un xardín no que destaca a presenza dun magnolio de trescentos anos, plantado polos monxes bieitos¹⁴. Todo o conxunto foi restaurado en 2002 para dedicalo a casa museo do escritor.

Nesta casa e nos seus arredores transcorreron moitas horas da infancia do futuro escritor, tal como declarou o seu coetáneo amigo de infancia, Francisco Lafuente

¹⁴ Nesta casa pernoctou o Padre Sarmiento na súa segunda viaxe por Galicia en 1754.

Torrón, nunha entrevista de 1961.

En San Mauro vivía, sí, y allí iba yo a jugar con él. Pero en la Casa del Cuadrante —con escudo de sus antepasados— vivían sus abuelos, y su infancia transcurrió en esta casa. Y

ya se sabe que su primer libro, escrito a su vuelta de Méjico, lo concibió y realizó en ese lugar noble, a la sombra del centenario magnolio, que aún existe.

Interese Literario (VI):

Esta casa ten valor literario por tres motivos:

1. Segundo unha tradición oral popular —aínda non documentada— que recolleron e divulgaron estudiosos da vida de Valle como Caamaño Bournacell ou Paz Andrade e da que se fixeron eco moitos valleinclanistas nos seus traballos, nesta casa serviu aos seus avós unha muller alcumada “A Galana”, que vivía nunha casa próxima, na mesma rúa do Priorato. Dela procedería no plano literario o personaxe-narrador de Micaela la Galana, a quen Valle atribúe a transmisión oral das “historias” que narra no prefacio do seu libro de relatos *Jardín Umbrío*.

Tenía mi abuela una doncella muy vieja que se llamaba Micaela la Galana: Murió siendo yo todavía niño: Recuerdo que pasaba las horas hilando en el hueco de una ventana, y que sabía muchas historias de santos, de almas en pena, de duendes y de ladrones. Ahora yo cuento las que ella me contaba, mientras sus dedos arrugados daban vueltas al huso. Aquellas historias de un misterio candoroso y trágico, me asustaron de noche durante los años de mi infancia y por eso no las he olvidado. De tiempo en tiempo todavía se levantan en mi memoria, y como si un viento silencioso y frío pasase sobre ellas, tienen el largo murmullo de las hojas secas. ¡El murmullo de un viejo jardín abandonado! Jardín Umbrío

(*Jardín Umbrío*, páx. 207)

2. O propio título deste libro foi inspirado por este xardín.

3. Nesta casa escribiu e asinou o conto “Rosarito” e **revisou e concluíu a escritura do seu primeiro libro, *Femeninas***, cuxa dedicatoria a Pedro Seoane firmou aquí o 20 de abril de 1894.

B. PASEO-RECORRIDO POR VILANOVA

CASA DO CANTILLO

Interese Biográfico (VI):


Se atendemos ás fontes documentais, **Valle-Inclán naceu o 28 de outubro de 1866 nesta casa da rúa San Mauro** (desde 1924, rúa Valle-Inclán) propiedade de seu pai, coñecida como “de Cantillo”. Aquí viviu acompañado de seus pais, Dolores Peña Montenegro e Ramón del Valle Bermúdez —casados en 1865—, dos seus

nove irmáns —cinco mortos prematuramente— e de dúas asistentes da casa, Josefa López e Manuela González.

Interese Literario (VI):

O Cantillo orienta a súa fachada a praza de San Amaro [ou San Mauro], onde, na capela do santo —hoxe en ruínas consolidadas— e arredor do cruceiro que esta tiña diante no tempo da infancia do escritor celebrábase **o día 15 de xaneiro unha romaría** á que acudían enfermos reumáticos, devotos, cegos, esmoleiros e lixados de toda a comarca do Salnés. Valle-Inclán fai mención desta **romaría de San Amaro** —a súa observación debeulle suxerir o perfil dalgún dos seus personaxes, cegos ou mendigos— na **nove-la Flor de Santidad**, cando o cego chamado Electus di que busca un criado novo porque:

"al que tenía denantes abriéronle la cabeza en la romería de San Amaro" (*Flor de Santidad*, páx. 650)



Tamén no conto “**La misa de San Electus**” (*Jardín Umbrío*), tres mozos calculan o tempo transcorrido dende que foron mordidos por un lobo rabioso, tomando como referencia a data fixa desta efeméride, o que permite descubrir o día do suceso: en Noiteboa:

¿Hace mucho que fuisteis mordidos? / Cumpliéronse tres semanas el día de San Amaro. (“La misa de San Electus”, *Jardín Umbrío*, páx.245)

Valle-Inclán dedicou asimesmo a Amaro “un santo ermitaño que por aquel tiempo vivía en el monte vida penitente” (páx 311) o relato “Un exemplo” de *Jardín Umbrío*.

Interese Literario (CAB):

Pola súa banda **Cabanillas** dedicoulle a este santo de tanta tradición devota no Salnés un **poema narrativo** inspirado nos cantares de cego que se escoitaban nas romarías da comarca.

*Estoria do Bendito San Amaro¹⁵
que foi chamado no mundo
o Cabaleiro de Arentéi*

I
Lembrando días heroicos
nos que de gloria treméu
vendo milagros de Santos
e cabalgadas de reis.

o Castrove está deitado
na campia de Salnés,
diante do mar arousano
a soñar e frorecer.

II
Nun rexo pazo do monte,
en onde a ermida se erguétu,
vivía ó tempo o fidalgo
Don Amaro de Arentéi
que un Domingo de Pasión
ó peito cheo de fêl
a seu irmán dou a morte
por ciumes de unha muller.

¹⁵ Foi publicado acompañado de dibuxos de Castelao na imprenta do Balneario de Mondariz o ano 1925, antes aparecera, o primeiro de xaneiro dese ano no diario Galicia, de Vigo.



III

O negro can do remorso
mordéndolle o corazón,
deixando casal e terras
fuxéu o mal matador
e nunha cova sombriza
trintatrés anos pasou
entobado como un lobo
pregando ó ceo perdón.

IV

Tódoos anos, no adro
onde o morto se enterróu,
florece d'as rosas
o Domingo de Pasión :
unha branca como a neve
baixo as raiolas de sol;
outra roxa como sangue
saído do corazón.

V

Enriba da rosa branca,
as azas de ouro a bater,
unha abella milagreira
chucha resolio de mel;
encol da rosa vermella
un verme negro nacéu
que fai , roendo, roendo,
as follas apodrecer.

VI

O Domingo de Pasión
a tempo que amañecéu,
o Abade da Armenteira
campanas manda tanguer.
Trintatrés anos pasados,
trintatres anos a ren
a rosa outrora vermella
astora branca surdeu.

VII

Nobres, monxes e labregos,

descalzos, en procesión,
cara ó monte de Castrove
encamiñóuse o Prior.
A cruz do mosteiro alzada,
na cova, tremente, entróu
envolto en fios de prata
de un divino resplandor

VIII

O espírito de Don Amaro
voara a dar conta a Dios:
o corpo ficara ergueito,
as mans en adoración.
Trintatrés rosas vermellas
frorían ó seu redor,
unha abelliña doirada
enriba do corazón

LX

Mariñeiros da Lanzada
que o trebón no mar colléu
chamaron por San Amaro
do mar saíron con ben;
ceguíños que nunca viran,
na cova lograron ver;
tullidos que arrastro foron
volveron polo seu pé.

X

O bendito San Amaro
ten unha ermida en Salnés
nun castro soave, redondo
como un peito de muller.
O que a San Amaro vaía
nunca lle perderá a leí
nin á fala de seus pais
nin á Terra onde nacéu.

Aquí remata a estoría
do fidalgo de Arentéi.
Que el señor nos guie e vala
por sempre xamais. Amén.

IGREXA DA PASTORIZA¹⁶

Interese Biográfico (VI):

Neste templo foi bautizado Valle-Inclán — segundo consta na partida de bautismo — o 31 de outubro de 1866. Cando bautizaron a Valle-Inclán, apenas transcorreran sete anos dende que esta igrexa fora convertida en parroquial — a ini-

¹⁶ Actualmente en desuso e en proxecto de próxima restauración.



ciativa do seu avó, o alcalde Francisco Peña e do cura párroco da vila, José Benito Rivas—, ampliando mediante donativos unha antiga capela, dedicada á Virxe da Pastoriza e San Roque.

Interese Literario (VI):

Tal vez como homenaxe á patroa da súa vila, Valle puxo en boca dun personaxe de **Romance de Lobos**, “Benita, la Costurera”, cando esta cosía a mortalla de Dona Maria, a muller de Don Juan Manuel Montenegro, a seguinte exclamación:

DOÑA MONCHA.- Dos veces le has cosido la mortaja... Todo lo que tú coses son mortajas... BENITA LA COSTURERA.- ¡Doña Moncha de mi alma, no diga eso! ¡Santísima Virgen de la Pastoriza, hay mucha gente mala, y si la oyen y dan en repetirlo!...

(*Romance de lobos*, páx. 459)

3ª Etapa. Excursión ao monte de Lobeira e visita ao pazo de Rúa Nova

Interese Biográfico (VI):

Valle-Inclán cursou os seus primeiros estudos entre 1872 e 1877 na Escola de Primaria Elemental de Vilanova, onde aprobou o exame de ingreso no bacharelato. Durante estes anos de formación fixo as súas primeiras lecturas na copiosa biblioteca de seu pai; organizou en 1877 un grupo de teatro que representou en Vilanova, *El puñal del godo*, de Zorrilla, obra na que interveu facendo o papel de Don Ramiro; compuxo en 1884 un himno para unha comparsa de Entroido —ou Carnaval— chamada “Los Godos” que se formara ese ano en Vilanova; e pasou o seu tempo libre cun grupo de amigos da súa quinta de 1866.

Ben cos seus amigos ou con seu pai acostumaba recorrer os cinco km que dista da vila o **monte de Lobeira**, pasando a carón do **pazo da Rúa Nova**, solar dos seus antepasados paternos.

PAZO DE RÚA NOVA. ANDRÁS (VILANOVA DE AROUSA)

Interese biográfico (VI):

Foi construído en 1738 por Miguel Inclán e Rosa Malvido aproveitando restos —que se conservan— dunha torre do século XIV derrocada no tempo dos RR.CC. Xa





en 1751, Miguel Inclán constituíu o Vínculo e Morgado que leva os apelidos Valle-Inclán e, ao non ter descendencia, tranferiullo á súa irmá Antonia Inclán e a seu home Pablo del Valle. Aquí naceron entre outros, **Francisco del Valle-Inclán (1736-1814)** —catedrático de Leis na Universidade de Santiago, artífice da ampliación da biblioteca universitaria e fundador do primeiro xornal galego, *El Catón Compostelano*—, seu irmán **Joseph Antonio** —bisavó do escritor— e, anos despois, **Carlos Luis del Valle-Inclán Malvido**, capitán de granadeiros e **avó paterno do escritor**. No século XIX, como tantos outros pazos en Galicia, entrou en progresiva decadencia.

Interese Literario (VI):

Non é gratuito pensar que o **ascenso e caída deste pazo** teñan contribuído no **imaxinario narrativo** de Valle-Inclán a configurar **un dos eixos temáticos do seu teatro: a decadencia da fidalguía de pazo**. Tamén a morfoloxía arquitectónica da Rúa-Nova nos traslada ás *Comedias Bárbaras*. Así, cando en 1966, Torrente Ballester, nun recorrido pola xeografía valleinclaniá visita este pazo exclama:

¡Dios mío! ¡Quién te ha visto y quien te ve! Todos los barrruntos me hacen creer que este pazo de San Lorenzo de Andrés es el núcleo de cuantos Valle-Inclán sembró por la Galicia de sus obras, tanto el de la pobre Concha —idealizado con préstamos de aquí y de allá, y, ante todo, de Brandeso—, como el de Don Juan Manuel, mucho más próximo a este en las descripciones de las *Comedias Bárbaras*...

En efecto, tanto a localización xeográfica,

EL CABALLERO. Debemos hallarnos cerca de San Lorenzo de Andrés. Conozco la campana... (páx.462)


como determinadas coincidencias na forma da capela

"Una sala con tribuna sobre la capilla..." (páx.468)

e no santo titular da mesma

DON FARRUQUINO se encarama en el retablo, y despoja de su espada de plata al tutelar de la capilla. Los ojos del tiñoso Satanás rien encarnizados bajo las plantas del Arcángel. (...) (DON FARRUQUINO.- ¡Dispensa, pero para eso estás encima, Glorioso San Miguell... (páxs. 470-471)

fan pensar no pazo de Rúa Nova como o que Valle-Inclán imaxinou cando describía o pazo de Dona María en *Romance de lobos*.



MONTE E DESAPARECIDO CASTELO DE LOBEIRA. ANDRÁS (VILANOVA DE AROUSA)

Trátase dunha singular atalaia dende a que se divisa toda a comarca do Salnés e a ría de Arousa. En época medieval existía no seu cumio un castelo-fortaleza que foi residencia predilecta da raíña Urraca (século XII). Tras numerosas disputas sobre a súa posesión entre a coroa, os prelados composteláns e —xa nos XIV e XV— a nobreza trastamarista representada na comarca por Sueiro Gómez de Soutomaior, foi derruída polos Irmandiños a finais do século XV. As súas ruínas conserváronse ata finais do século XIX.

O pai de Valle-Inclán, que explorou a construción e recabou datos para informar a Murguía —quen os incluíu na *Historia de Galicia* e en *Galicia*— publicou el mesmo en 1886 un ensaio histórico titulado “El castillo de Lobeira” (reed. en *Cuadrante* 1, páxs 76-79) no que dicía:

...desde aquella altura el espíritu se arroba en la contemplación de uno de los más espléndidos panoramas del mundo.

Valle-Inclán fillo tamén era afeccionado a facer esta excursión de ascenso ao cumio de Lobeira e a este lugar dedicou un dos seus primeiros textos: unha crónica periodística de viaxe titulada “**Por la tierra saliniense. El castillo de Lobeira**” que incluíu nas “**Cartas Galicianas**” publicadas en 1891 en *El Globo* de Madrid, cando estaba iniciando a súa carreira literaria.

Por la tierra saliniense. El castillo de Lobeira

En el haz de cuartillas que el viento, con un retozo de muchacho, acaba de esparcir sobre la mesa, pláceme conservar ahora la impresión de estos tres días de ajetreo incesante por la tierra saliniense o condado Lampario, como en la Edad Media se decía. Vuelvo a ver con los ojos de la imaginación los maizales pajizos, chafarrinones enormes que dejó el verano sobre el verde terciopelo de los campos, sin duda en recuerdo de las curtientes fatigas del labrador, bajo los soles estivales. Oigo zumbiar los insectos; cantar los carros; ladrar al perro fugitivo que atraviesa la corredoira con los ojos adormilados, y medio palmo de la lengua fuera de la boca... Mi cuerpo aún goza la frescura de la siesta que dormí, a la sombra de un veiral,

Foto: O cumio do monte Lobeira



cierto día que salí de caza. Recuerdo una cuadrilla de majadores en camisa y cirolas de estopa, que descansaba a la linde de un pinar mientras un rapazuelo pelirrojo, derrotado de ropa y sucio de cara y manos, probaba a manejar el pesado mallo. En el silencio de la enervante siesta, el rumor de la resaca parecía el ronquido de la naturaleza dormida. El acre olor de las heredades, el vaho imperceptible del terrón robusto y recién removido, cantaban la nubilidad de la negra tierra que cada año nace virgen y el momento de sus nupcias.

Hablando como cazador, diré que aquel día lo fuera de desgracia: ni un pollo de perdiz había tumbado en toda la mañana: sin duda para resarcirme de esto, quiso la suerte depararme el encuentro de unas ruinas –que es siempre para mí el mejor de los encuentros–. No entraré en investigaciones para decir si eran godas o romanas. Soy tan poco arqueólogo, que nunca en las piedras viejas acerté a ver un dato histórico, ni a leer una fecha; bástame con la impresión artística y si se quiere un poco saudosa. Para decirlo de una vez, lo que en unas ruinas me atrae y me interesa no son las hojas de acanto, ni los astrágalos, ni las volutas, sino las yedras y el polvo; el hábito de vejez. Para una imaginación algo enamorada de las cosas arcaicas y tradicionales, son el más grato solaz los fantaseos sobre cuatro piedras cubiertas de musgo, después de la lectura de una página carcomida de cualquier nobiliario.

Desde los primeros siglos de la dominación romana hubo en la cumbre del monte de Lobeira un castillo roquero que, saqueado y quemado en la época sueva, vuelve a aparecer en el reinado de Alfonso I, allá en los albores de la Reconquista. Propiedad unas veces de la corona y otras de la mitra compostelana jugó un importante papel en las revueltas promovidas, cuando en contra, cuando a favor de D^a Urraca por el arzobispo D. Diego Gelmírez. Reconstruido varias veces durante esta época hubo al fin de dársele Alfonso VII a Fernando de Trava, el caballero desengañado, aquel de quien refiere una crónica portuguesa, que trajo siempre en el sombrero dos cuernos de plata. Después volvió a la corona, y de la corona pasó a la mitra, y de la mitra a los condes de Altamira, al diablo y a su madre, hasta que mediado el siglo XV fue arrasado por los hermandinos.

Descendía yo del monte abanicándome la frente sudorosa con el sombrero de anchas alas, cuando acertó a pasar por mi lado una moza aldeana, encendida como las cerezas y de ademán brioso y rozagante.


–Buenos días nos dé Dios, señorito –pronunció con el dejo cantarín del dialecto, y posando en tierra una cestilla cubierta con un paño blanco que llevaba en la cabeza, púsose a lavar los pies y piernas en un regatillo que corría entre mimbrales.

Sentéme yo en un pedrusco inmediato y empecé por preguntarle si había algún encanto en las ruinas del castillo.

–¿Encanto? ¡Ya lo creo que lo hay, señorito! Y muchísimo oro fino enterrado también. Entre la piedra del Fuso, que mírele allí conforme está, y el monte Cávado hay dinero para siete reinados: tiempo ha de venir en que la pata de la cabra lo descubra.

–¿Y por qué los mozos de la aldea no se echan a cavar por ahí para ver de encontrarlo?

–El señorito parece que quiere hacer burla de la gente. ¿No oye que es un encanto? Y está mismamente escrito que ha de parecer como le digo. Además, con el dinero está junto tantísimo veneno, que más no puede ser. Una vez una mujer de la aldea, que llamaban señora Rosa, vio junto a aquellas piedras, acullá donde andan las cabras, dos cestas llenas de dineros y un castrón grande como un buey, muy



puesto en el medio a mirar, a mirar; fue la mujer; agarró una de las cestas, y las onzas se volvieron ichavos, *viz*, agarró la otra, y la misma música, y el castrón siempre a se reír, a se reír; entonces soltó la mujer: arrenégote, que tú eres el trasno; y lo mismo fue decirlo, súpetamente desapareció todo, y el monte estuvo a retemblar por un gran pedazo.

Había concluído la moza de lavarse sus extremidades inferiores y recogía la cesta para irse cuando yo me levanté y echámos a andar brazo con brazo sin suspender el platiqueo.

-Di -pregunté por oírla-, ¿no hay en las ruinas ninguna princesa mora encantada?

-¡Ya lo creo que la había! A la gente que, pues, allí transitaba para los mercados, solía aperecersele una señora, guapa como un sol de mediodía, con una tienda de cosas muy bonitas, tijeras, pendientes, anillos, peines, todo de oro y plata. Y la señora preguntaba con mucha cortesía -¿qué vos gusta de mi tienda?- y un suponer éstos contestaban que un verduguillo, aquéllos que unos pendientes, y la señora bonita, entonces, les cortaba un dedo o una oreja, o les afcítaba un lado de la cara... porque era menester decir: "Señora, me gusta usted y su tienda".

-Pues, si es por eso -interrumpí riéndome- mañana vengo yo a desencantar a esa señora bonita.

-¡Ay! señorito, como le es un encanto, no se aparece siempre. Una vez un mozo apostó en una fiada que había de romperlo: vino al monte porción de veces, de día y más de noche, y nunca jamás se le apareció cosa ninguna.

Habíamos llegado a la aldea y la moza entró en una casuca miserable, cuyas paredes cuarteadas estaban construídas con sillares del castillo.

¿Sabrían aquellos rústicos descendientes de los siervos de la gleba que realizaban una venganza?"

RAMÓN DEL VALLE

(*Obras Completas*, páxs 1347-1350)

A excursión de subida ao Monte Lobeira atravesando a terra do Salnés deixou nel un profundo sentimento de **identificación coa paisaxe**, algo que fixo que a evocase anos despois (1916) na coñecida pasaxe do seu manifesto estético, **La Lámpara Maravillosa**:

Atajábamola Tierra de Salnés, donde otro tiempo estuvo la casa de mis abuelos, y donde yo crecí de zagal a mozo endrino. (...) Pero nada me llenó de gozo como el ondular de los caminos a través de los herbales y las tierras labradas. Yo los reconocía de pronto con una sacudida. Reconocía las encrucijadas abiertas en medio del campo, los vados de los arroyos, las sombras de los cercados. Aquel aprendizaje de las veredas, diluido por mis pasos en tantos años se me revelaba en una cifra... (...) La Tierra de Salnés estaba toda en mi conciencia por la gracia de la visión gozosa y teologal. Quedé cautivo, sellados los ojos por el sello de aquel valle hondísimo, quieto y verde, con llovizna y sol, que resumía en una comprensión cíclica todo mi conocimiento cronológico de la Tierra del Salnés.

(*La lámpara maravillosa*, páx.1912)

Panorámica da súa xeografía literaria

Dende o cumio e miradoiro do monte de Lobeira a vista alcanza a xeografía literaria valleincliniana no Salnés — e Arousa — en toda a súa extensión, o que o converte nun lugar idóneo para explicala.

Porén, antes debemos facer dúas consideracións previas:

1) Hai que recordarlles aos alumnos que **non se trata dun escritor adscrito ao modo de describir espazos do realismo, polo que a fidelidade ao referente non é total**. Así, na súa obra constrúense os espazos literarios recompoñendo, a modo de “collage”, elementos dispersos pola xeografía e a arquitectura reais. É o que sucede coas imaxinarias Flavia Longa e Viana del Prior, en cuxa descrición se mesturan elementos espaciais (ruas, prazas...) e arquitectónicos (igrexas, pazos...) que remiten a referentes diversos existentes en Santiago, Cambados, Vilagarcía, Pobra, Vilanova...

2) E que nas súas obras **coexisten topónimos reais** perfectamente ubicables (Lantaño, Lantañón, Corón, Gondar, Praia de As Sinas) a carón doutros **trasladados** doutros lugares de Galicia (Brandeso, Céltigos...) ou, sen máis, **“inventados”**, seguindo patróns lingüísticos da toponimia galega, algo que facía pola sonoridade evocadora dos mesmos (Bradomín, Santa Baya de Cristimilde...).


Aínda así, atendendo á localización dos topónimos reais, a lóxica xeográfica permite determinar a **xeografía literaria** na que se ambientan as obras.

Pode dividirse en **tres subzonas**:

a. Terras de Lantaño e Lantañón (espazo nº2 do mapa):

Obras: Sonata de otoño, El marqués de Bradomín. Coloquitos románticos e Cara de Plata.

Ao leste, no interior do val do Salnés, estan os lugares de Lantañón e Lantaño, en cuxo entorno é posible situar o escenario principal de tres obras: a primeira *Comedia Bárbara*, **Cara de Plata**, a **Sonata de otoño** e a súa parcial reelaboración para o teatro: **El marqués de Bradomín. Coloquitos románticos**.





SONATA DE OTOÑO

A historia de amor adúltero entre Bradomín e a súa curmá Concha sucede entre este territorio ribeirán do río Ulla e a imaxinaria Viana del Prior, que seguindo a lóxica xeográfico-literaria desta obra podería identificarse con algunha das tres vilas costeiras do Salnés: Vilagarcía, Cambados ou Vilanova.

Argumento: O Marqués de Bradomin lembra a súa visita no ficional Pazo de Brandoso á súa curmá Concha, o seu amor de xuventude, e as visitas que ali recibían de Don Juan Manuel Montenegro, que tiña o seu pazo no cercano Lantaño.

O Marqués lembra que o paxe de Concha, Florisel, procedía dunhas terras que a dama tiña en Lantaño.

Creo que era el primogénito de los caseros que Concha tenía en sus tierras de Lantaño y uno de los cien ahijados de su tío Don Juan Manuel Montenegro, aquel hidalgo visionario y pródigo que vivía en el Pazo de Lantaño. (páx. 475)

CARA DE PLATA

Tamén se sitúa neste entorno o pazo de Don Juan Manuel Montenegro na primeira das tres *Comedias bárbaras*, *Cara de Plata*, que se desenvolve aquí por enteiro.

DON JUAN MANUEL MONTENEGRO (...) Es un hidalgo mujeriego y despótico, hospitalario y violento, rey suevo en su Pazo de Lantaño. (páx. 279)

Iníciase co conflito que se establece entre os Montenegro —Don Juan Manuel e seu fillo, Cara de Plata— e os veciños e comuneiros de **Lantaño**, aos que apoia o abade de **Lantañón**, polo dereito de paso pola **ponte de Lantañón**, que o Cabaleiro impide, contra o vello dereito de servidume, tras gañar o preito por esta causa.

A obra comeza cunha acotación na que os chaláns se dispoñen a conducir o gando que pacía nos montes comunais de Lantaño á feira de Corpus de Viana del Prior, que debe situarse nunha vila marítima do Salnés.

Alegres albores. Luengas brañas comunales, en los montes de Lantaño. Sobre el roquedo la ruina de un castillo, y en el verde regazo, las Arcas de Bradomín. Acampa una tropa de chalanés, al abrigo de aquellas piedras insignes—Manuel Tovío, Manuel Fonseca, Pedro Abuín, Ramiro de Bealo y Sebastián de Xogas—. A la redonda, los caballos se esparcen mordiendo la yerba sagrada de las célticas mámoas. En la altura una vaca montesa embravecida, muge por el vitelo que se lleva a la feria un rabadán.

PEDRO ABUÍN.—*Ganados de Lantaño, siempre tuvieron paso por Lantañón.*

PEDRO ABUÍN.—En Lantañón parece ser que ahora sacan el fuero de negar el paso a los que transitan para la feria de Viana. ¿Estáis conformes en ello?. (páxs. 273-274)

b. Vilanova de Arousa e a súa contorna (espazo nº 1 do mapa):

Ao oeste do monte de Lobeira, en dirección á ría, dende András —na abo do monte— ata Vilanova, é posible ubicar a acción das seguintes obras: **El embrujado**, **Tragedia de tierras del Salnés**, **de Romance de lobos e parcialmente de Águila de blasón**.

EL EMBRUJADO. TRAGEDIA DE TIERRAS DEL SALNÉS


O seu tema central é o enfrontamento entre o orgulloso e avarento propietario agrario, Pedro Bolaño, e unha muller con faina de bruxa, Rosa Galáns (La Galana), tamén avara. Don Pedro Bolaño, asasinado o seu fillo Miguel na véspera da súa voda coa súa curmá Isoldina, cre de xeito equívoco que un neno, fillo da Galana, é o seu neto e por iso quere adoptalo.

Na obra aparecen recorrentes referencias á **onomástica toponímica** e relixiosa **do entorno vilanovés**: “Cálago”, “molinos y agro de Aralde”, “forales de András y Corón”, praia de “La Braña” “paso de la Barca”, **Nuestro Señorín de Belén**...

ROMANCE DE LOBOS

Xa aludimos a esta obra ao falar da travesía marítima —naufraxio na praia das Sinas— e do pazo da Rúa-Nova. Nela, tralo naufraxio, Montenegro escoita a campá de András e diríxese vagando de noite á casona de Dona María. A escena **remite a András e ao seu pazo de Rúa Nova**:

Se oye a lo lejos una campana, una de esas campanas de aldea, familiares como la voz de las abuelas. Tañe con el toque del nublado.



EL CABALLERO.-Debemos hallarnos cerca de San Lorenzo de Andrés. Conozco la campana.
EL PATRÓN.-¡Pues no hicimos poca deriva! Hasta que amanezca no podemos navegar, y aún así veremos... Habrá que ir achicando agua toda la travesía.
EL CABALLERO.-Os iréis solos, porque a mí se me acaba la paciencia y no espero.
EL PATRÓN.-Pues no hay más vivo remedio, señor Don Juan Manuel.
EL CABALLERO.-Para vosotros, que yo me voy a pie desde aquí a Flavia Longa. (páx. 462)

Foros de Andrés y Corón. Na xornada segunda, durante o espolio que da capela do pazo* fan os fillos, Don Pedrito e Don Farruquiño, a parroquia de Andrés aparece ao lado de Corón, como lugares de orixe dos foreiros que pagan rendas a Dona María:

*Ver Pazo da Rúa Nova.

DON FARRUQUÍÑO.-Esa plata que nos hemos repartido es una miseria... ¿Pero y el trigo, y el maíz, y el centeno? Las trojes hoy están vacías, y no hace una semana estaban llenas, porque *mi madre había cobrado los forales de Andrés y de Corón*. ¿Quién la ha robado? ¡Ellos y sólo ellos! (páx.468)

c. **Contorna de Cambados, Mosteiro da Armenteira e praia da Lanzada (espazo nº 3 do mapa):**

Mirando ao sur, en dirección a Cambados, a desembocadura do río Umia e a praia da Lanzada e o océano atópase unha zona cuxa toponimia —**Gondar, Gondarín, Barrantes, Meis, A Lanzada**— aparece de xeito recorrente na obra de Valle e na que se ambientan contos de *Jardín umbrío* e unha escena de *Flor de santidad*. Tamén está aí o mosteiro da Armenteira que lle inspirou, coa lenda de San Ero, algúns poemas de *Aromas de leyenda*. Referirémonos a estas obras con citas cando visitemos máis tarde estes lugares.

(CAB) **Ramón Cabanillas. O Val do Salnés dende Lobeira. A ollada de Cabanillas.**

A vista que a atalaia de Lobeira ofrece do Val do Salnés e do mar de Arousa, tamén inspirou a Cabanillas un poema e un texto en prosa que serve de introducción á *Antifona da cantiga*, (Galaxia, Vigo, 1951).

No castelo de Lobeira (Fragmento).

Camiños no tempo, Santiago, 1949

Como xigante
guerreiro
sempre disposto
á algarada,
-ferro no lume batido,
pedra dura da montaña-
do forte Castro Luparío
no cumio ergueito, descansa

o castelo de Lobeira,
segura e rexa atalaia
que as terras do val mimoso
de Salnés defende e garda.


Ten ó levante o Castrove
mira ó poñente a Barbanza;
ó norte as torres do Honesto,
ó vendaval a Lanzada.

Regando as veigas froridas,
corren dunha e doutra banda
ágoas tranquilas do Ulla,
nacidas en terras sagras,
cheas das voces pregantes
dos coengos de Iria Flavia,
e as do Umia barulleiro
que conecen as risadas,
as cantigas e lefas
dos xuglares do Bergaña.

Bicando os ouros da area,
esmorecido na praia,
o mar da ría reloce
como un espello de prata;
e o ceo limpo semella
que, pouquiño a pouco, baixa
a falar cos seus eternos
irmáns: o mar e a montaña.
(...)

O Galo de ouro do sol coa cresta acesa de rubís chanta o peteiro nas ágoas encalmadas e a galiña de prata da lúa aparece deitada no cumio do Castrove empolando luceiros; o Ulla reza as estrofas dos olivos escuros do cemiterio da Adina e benzoa as orelas verdecidas, alxofaradas polas pérolas traslucidas das choivas miudiñas de Lafío e de Lestrove; o Umia maino e ridente é un botafumeiro esparxindo recendos dos fiunchos, das nébodas e dos poenxos; o meu recuncho nadal, o rumoroso val de Salnés, ecoante de cabalgadas, rumboso e fárturo como fidalgo, semeado de pazos e reitorales, repouso apacibre en tempos idos da nosa gran Rafiña, bicado e arrolado pola Lenda, mergullado en lembranzas de groria, é un antifonario milagreiro. Os vagalumes encenden os seus lampadarios de esmeralda, os grilos furan o silencio coa agulla do seu crí crí, as follíñas da arboreda abátense como volvoetas repousadas, as ágoas quedo quedíño, con bisbiseo de ladafiña, buligan nos regueiros, borboriñan nas fontelas e fungam e barullan nos atrancoss e cadioros, e, por riba do sun-sun dos pinos coraes e o rechouchío dos paxaros que se acollen á querencia e agarimo dos niños tépedos, as prácidas e rolantes bateladas dos sínos van levando de vagariño, de valgada en valgada, de outeiro en outeiro, a voz de El Señor.

É a hora na que noutros días os legos mendicantes e os refitoleiros do Reial Mosteiro de Santa María de Armenteira que nos tempos da fundación escoitou o cántico diviño do reiseñor lendario, escola de erboleiros, pecoreiros e labran-



tíns, rubían polas costas pedrugentas de San Martiño de Meis, Santa María de Simes e Santa Cristina de Covas, bordeadas de milleirales e froldidas cereixeiras, os mansos burriños aparelados coas alforxas cangadas de froitos dos prioratos de Sarantellos, de Arra e da Modia, e os ermitaños do monte da Escusa enchían nas fontiñas agachadas no labrusco soedoso os seus carriños barrentos para apagar nas longas noites de oración a sede corporal dos diviños ardores.

Na boca da ría, a illa de Sálvora, niño da pomba mística do Sant Grial, vela o sono do rei Artur que repousa no sartego aberto polo ferro de Celt, agardando o retorno da nau remolcada polos cisnes coroados de Cornuales, namentras o farallón de Noro axexa o ataque dos esquifés de coiro dos abós céltigos e os avogosos heróis ossiánicos en volta de terras da Armórica. As augas bouradoras lembran os cabalos das proas cartaxinesas de Hamilton pastando sargazos; as sireas das conqueredoras naves de Decio Bruto, espalladoras de engaiolantes cantigas adroleiras; os ronseles da apostólica barca de pedra recuberta de cunchas e guiada polos ánxeles; as esguías cuadernas e as quillas, firentes como espadas, dos rexoos vikingos ó mando de Olaf o santo, de Ulfo arriscado, do forzado Vang, de Jorsalafari pescador de tridente, protexidos das loiras valkirias cabalgadoras de nubes; as galeas e birremes de Xelmirez, de remos lizgaios e cramorosos, levando a Euxerio por naucherio e capitán, correndo a costa brava, no entanto a atalaia da Lanzada chisco os ollos de lume ós torreóns vixiantes de San Tomé do Mar, do Xiabre e de Lobeira; os navíos de Charino, cubertos de rosas e de loureiros sevillanos, camiño de Rianxo; os trincados e pinazas da Moureira pescadora, industrieira e mercadante; os baxeles esporadores de Sarmiento de Gamboa, nado no solar nobre de Fefiñáns, que correron as ribeiras das sete partidas do mundo; e, inda onte, a lancha en naufraxio entre as ondas en ferverza e os cons encubertos do porto de Cambados, na que Aurelio Aguirre, o amado dos deuses, estivo a punto de morte, agoiro do seu tráxico fin envolvemento nas escumosas ondas do Orzáns.

VIAXE: Convén visitar dous ou tres destes lugares e para iso abandonamos o miradoiro de Lobeira e iniciamos a cuarta etapa do percorrido.

4ª Etapa: Baixamos o monte de Lobeira e dirixímonos a Cambados, mosteiro da Armenteira e Praia da Lanzada.

CAMBADOS

Interese biográfico (CAB):

Casa natal (actual Casa-Museo) de Ramón Cabanillas.

Carta de Ramón Cabanillas a Francisco Fernández del Riego enviada desde Cambados, 14-8-1948 en *Ramón Cabanillas Obra Completa* 3. Ed. De Xesús Alonso Montero, Akal, Madrid, 1981.

(...) Do demais, nada: son un home sin biografía. Nacín o 3 de Sanxuán do 1876, nunha casaña vella e probe, con patín, entre un pazo que fundou un coengo de Compostela e unha praia que fixo persoalmente Noso Señor, na vila de Fefiñáns, oxe axugada á vila de Cambados e por aquel entón anexo á freguesía de San Adrián de Vilariño, onde fun bautismado nunha pia sagrada polo abade Pedro de Celanova fai arredor de dez séculos; mal estudei un pouco de latín e filosofía en San Martiño Pinario; collín un barco ó tuntún e caín na Habana onde escomecé a esborranchar copras: de volta, andiven unhas cantas segredarías de auntamento, desfaguendo entortos de picaresca municipal do rus; e, sin



apouso nin repouso, vivín até o presente e espero pola morte. Nin qué decir ten que coñecín moitas xentes e vin moitas cousas, máis advertidas que tráxicas, pero eso son contos pra matar o tempo unha noite de inverno, a carón da lareira. Fume e vento.


Dos meus versíños é mellor non falar: nin foron doadamente hinados nin, en boa parte, se deben a pulo persoal sinón a suxerencias e pregos alleos: a verdade é que esquirbín como quen fai cestos. Tampouco me pidas que sinalo tídoos: ós tres días de arrematadas non me gusta ningunha das miñas composicións; anque che pareza cousa de fachenda, xúroche que é rotundamente así. Estou cabo da rúa: dos eloxios, algúns débense á boa amizade, os máis cousa forzada polo noso movemento galeguista: ten presente que nos comenzos da miña labourea atopábame cáseque sóio na trincheira poética combatente, e como había que alporizar xente representativa bombeáronme sin ton nin son e cangáronme a cruz do ridículo "poeta da raza". Inos deixalo porque ás veces sinto fortemente a tentazón de esquirbir un traballo crítico poñéndome como os farrapos dunha gaita.(...)

Interese biográfico (CAB) (VI):

Casas nas que viviron na Rúa Real de Cambados Valle e Ramón Cabanillas.

Na Rúa Real de Cambados, cadrando case porta con porta, están dúas casas que foron fogares respectivos de Ramón Cabanillas e de Valle Inclán. Hai un texto de Cabanillas que fala deste espazo: trátase do poema "No Casino" *No desterro*, La Habana, 1913. A casa na que viviu Valle foi, nos seus baixos, a ubicación do Casino de Cambados nos anos nos que Valle residiu en Cambados. O poema non fala máis que da mortecina existencia daquela institución.

Nos vidros e na aceira e no tellado
trisca a choiva batida polo vento;
nun curruncho o conserxe, friorento





Casa de Valle-Inclán en Cambados

sona nun sillón coxo e furado.

No coarto de leutura está acochado
lendo no "Heraldo", un vello carraspeno,
e en voz baixa rexouban do auntamento
dous mozos que deprenden pra avogado.

Uns señores que xogan ao tresillo
no salón, por si foi posta ou foi codillo,
levantan un barullo que pon medo;
e faguendo chorar un mal piano
que cai de podre, o fillo do escribano
ensaia o "No-me-mates" con un dedo.

Interese Biográfico (VI):

En Cambados viviu Valle-Inclán ao seu regreso a Galicia, dende 1912 a 1917. Aquí escribiu *El embrujado*, *La lámpara maravillosa* e algúns contos e poemas. Tamén aquí morreu de xeito trágico o seu primeiro fillo varón, Joaquín, que está soterrado, ao igual que a súa nai Josefina Blanco, no cemiterio das ruínas góticas de Santa Mariña, nesta vila.

Interese literario (CAB):

Cabanillas dedicou varios poemas á súa vila natal. E entre eles destaca a emotiva dedicatoria que pon á fronte do seu poemario *Vento Mareiro*, que edita en Cuba en 1915.

A ti, meu Cambados, probe e fidalgo e
soñador, que ó cantareiro són dos pinales e
ó agarimo dos teus pazos lexendarios,
dormes deitado ó sol, á veira do mar.

E tamén á ría de Arousa, vista dende o cambadés paseo da Calzada, onde se sitúa o monumento ao poeta. (Ver: Monumento a Ramón Cabanillas)

Fragmento do poema "A Calzada de Cambados"¹⁷

A calzada de Cambados .
Sol de vran . O mar de Arousa ,
de praia a praia tendido,
canso de loitar, repousa .
ceo azuado e senlleiro.
limpóu de néboa á Curota
o maio vento mareiro.
Alá, na boca da ría ,
dende a solana da costa
o Con de Noro víxía.
A luz que cai brava e roxa
encende as cunchas de nácar
dos areiros da Toxa ,
atolada e cantareira
crava flechas de diamante
nos negros cons da ribeira,
e, ardendo e brincando, chove
moída en pingas de ouro
nos pinales de Tragove.

Nas ágoas craras e mornas,
as velas albas ó sol,
agardan o leste as dornas.
Adiantan quedo quedaño ,
perguiceiras, soñadoras,
durmíndose no camiño,

deixando a popa, tras d'elas,
leviáns ronseles de prata
coma regueiros de estrelas .
Son as doce. Xoga o vento
co fino e dondo tanguido
da campana do Convento,
e rodan as badaladas
sin rumbo, a ir e vir, voando
coma pombas asombradas .
Da Isla a San Saturniño,
pasa esguío, silenzoso,
retinto corvo mariño.
Vai lanzado ras das ágoas
coma venablo firente,
agoiro de loito e bágoas.

iNeniña, gomo de rosa,
que á sombra dos vellos olmos
floreces leda e ditosa!
iBaixo os maternos coidados,
bicada do mar de Arousa
na Calzada de Cambados,
qué lonxe estás nesta hora
de saber que anda no aire
unha flecha feredora!

iDalle un bico a túa nai,
neniña, gomo de rosa!
iDalle un bico, que se vai!

CEMITERIO DE SANTA MARIÑA

Interese literario (CAB). Interese biográfico (VI)

Cabanillas tamén dedicou un poema titulado "As tardes na Pastora" ás ruínas da igrexa gótica de Santa Mariña —sec. XV; dende 1947 monumento nacional— onde se atopa o cemiterio parroquial, un dos máis belos e suxerentes do mundo. Nel están soterrados un fillo de Valle-Inclán —Joaquín, morto en 1914 de xeito tráxico cando só contaba tres meses— e a súa muller, Josefina Blanco, morta en 1957.

"As tardes na Pastora"¹⁸

Do vran nas tardes longas, coa merenda
nun cestiño de bimbias,
de vagar, paso a paso, baixo a sombra
do roxo parasol da miña tía,
rubía á fresca, umbriza carballeira
que coroa un outeiro a par da vila,

¹⁷ Inspirado nun lenzo de F. Lloréns e publicado en *Da Terra asoballada*, Segunda edición, 1926.

¹⁸ En "Poesías ventureiras", *Obra Completa*, Ediciones Galicia, Bos Aires, 1959.





onde se ergue, feituca como un ovo,
da Virxe da Pastora a branca ermida.

Follas que beilan, ágosts que rexouban,
funchos que en recendos se desflan,
sendeiros de antre millos e parralles,
ventiño latexante de cantigas,
valos vellos, silveiras con amorias,
auriolas e merlos que asubían,
edras de ouro nas pedras seculares
de altares en ruínas,
columnas en derrubo, arcos ó aire
e maltreitas oxivas
do noso saudoso camposanto
un día eirexa nai: ¡Santa Mariña!

Co seu caxato, o dengue e o chapeo,
rodeada dun fíto de ovelliñas,
o Meniño no colo, ollos e beizos
florecidos na luz dunha surrixa,
a santa imaxe está labrada en lumes
da gracia terreal e da diviña.
A espadaina da ermida, recolleita,
ten o xeito dun niño no que chila
cun fiño de són tintineante
como un carrizo novo a campaña,

No teito a tellaván, encaleado,
bambea pendurado dunha viga
un navío votivo de tres palos,
risóns e cordas e cañóns na tilla,
velas ó vento, mascarón na popa,
que fixo a ruta das lonxanas Indias,
oferta dos salvados dun naufraxio
nos hirtos farralóns, boca da ría.

A pouco, ían chegando outros rapaces,
-sobriños de outras tías -
que a brinco e estalantes gargalladas
a carballeira en calma enxordecían :
eran os capitáns das trastanadas

de aquela idade cándida e bendita,
compañeiros da escola do convento
co seu Fleury, os palotes e a cartilla,
compadres no mollarse na ribeira
a coller caramuxos e buguinas,
e de ir ós niños, esgazando a roupa
nos estripos, nos valos e nas silvas.
A par deles, ó cheiro da merenda,
chegaban o arriscado Setetripas,
o Chepa, o Raña, o Chasco, o Rillachavos,
o Sambesuga... a froc da pillería!

Dimpóis, todos a unha, ós amorotes
das abertas, sin medo das ortigas,
á pita cega, a "¿nesta casa hai lume ?"
no que cada carballo era unha esquina,
ou guiados do icri ! icri ! a coller grilos
metendo no buraco unha palliña,

Ó ir baixando o sol, as donas, -fartas
de parolar de canto socedía :
de si se casa ou non se casa a Lola,
de si o luns era día de vixilia,
de si subira o lenzo ou as cebolas,
dos bailes do Casino, das vendimias,
dos mercados... ¡ tres horas de palique ! -
chamaban ó rosario. Miña tía
levaba o són , adoa por adoa,
desbullaba os latíns da ladaíña
e enxería un sinfin de padrenuestros,
credos e avemarias.

Valeirado o perol de orapronobis,
co lixeiro bulir das donosiñas
entrámbamos a contas coa merenda :
todos poñen en monte o que tragufían
e alí queixos, mazán nocos e asios
de acelmosas uvas albariñas...
iqué gulpar de peras e de ameixas
deica pór como bombos as barrigas!

Interese Literario (VI):

A arquitectura e traza urbana de Cambados —sobre todo a da **praza-pazo de Fefiñáns**—, ao igual que a de vilas marítimas como Pobra do Caramiñal, Vilagarcía —no seu conxunto monumental pazo-convento de Vista Alegre— e Vilanova inspirou a Valle-Inclán as descrições de Viana del Prior e Flavia Longa, tanto nas súas zonas monumentais,

Viana del Prior: Fue villa de señorío, como lo declaran sus piedras insignes: Está llena de prestigio la ruda sonoridad de sus atrios y quintanas: Tiene su crónica en piedras sonoras, candoroso romance de rapiñas feudales y banderas de gremios rebeldes, frente a condes y mitrados. Viejas casonas, viejos linajes, pergaminos viejos, escudos en arcos, pregonan las góticas fábulas de la Armaría Galaica. ¡Viana del Prior! Feria renombrada en la Octava de Corpus. Nunca faltan lusos y castellanos..." (*Carra de Plata*, páx.294)

como nos seus barrios mariñeiros, onde hai,

"callejuelas que bajan a la playa" y cuestras (...) que serpenteaban entre casas mezuquinas, con escalones en las puertas." (páx 724-5) y tabernas con olor de "caña holandesa" donde se oían las disputas de aquellos marineros que jugaban a los naipes." (páx.727). (*Los cruzados de la causa*)

VIAXE DENDE CAMBADOS Á PRAIA DA LANZADA: MEIS, GONDAR, BARRANTES, MOSTEIRO DA ARMEN-TEIRA

MEIS

Interese literario (VI):

Neste recorrido pasaremos cerca de aldeas e parroquias que conforman un espazo onde transcurre a acción dalgúns contos de **Jardín Umbrío**, como a de "Juan Quinto" bandoleiro cuxa gavilla

tenía estremecida toda la Tierra de Salnés (páx. 209)

quen despois do roubo frustrado na "Rectoral de Santa Baia de Cristamilde" —trasunto literario de Nosa Señora da Lanzada—


robó y mató un chalán en el camino de Santa María de Meis... (páx. 211)

GONDAR

Interese literario (VI)

Tamén, cerca do mosteiro cisterciense de Armenteira está **Gondar**, lugar que Valle-Inclán utilizou como antropónimo para bautizar personaxes como O Cego de Gondar, que aparece en varias obras e como escenario do conto, "**El rey de la máscara**", de **Jardín Umbrío**.

En "**El rey de la máscara**", unha murga de disfrazados no Entroido abandona, na Reitoral de San Rosendo de Gondar, o cadáver do abade de Bra-





domin enmascarado de rei e o cura decide incineralo na lareira para non ter problemas coa xustiza.

El cura de San Rosendo de Gondar, un viejo magro y astuto, de perfil monástico y ojos enfoncados y parduscos como de alimaña montés, regresaba a su Rectoral a la caída de la tarde, después del rosario. (...)

Estaba la Rectoral aislada en medio del campo, no muy distante de unos molinos. (páx. 249)

BARRANTES

A fértil parroquia de Barrantes aparece mencionada con outros lugares do Salnés na novela **Los Cruzados de la Causa** cando o carlista Marqués de Bradomin convoca en segredo aos dispostos a “acudir a sostener la guerra”:

El caballero legitimista los convocara secretamente para hacer recaudo de dineros y acudir a sostener la guerra. Algunos llegaban de villas y de aldeas remotas. Del otro lado del mar habían acudido el arcipreste de Céltigos, el escribano Acuña, y Don Pedro de Lanzós y Don Diego Montesacro, que eran cuñados. De la montaña, se juntaban el capitán Cantillo, veterano de la otra guerra; el alcalde de San Clodio, el sumiller Aguiar, *tres ricos labradores de Barrantes, y los abades de Gondar, Gondarín, de Brandeso, de Bealo, de Lantañón y Lantaño.* (*Los Cruzados de la Causa*, páx 735)

MOSTEIRO DA ARMENTEIRA-GONDARÍN

Interese literario (VI)

O topónimo Gondarín —Gondariño— aparece nun dos primeiros contos que escribiu Valle-Inclán, **“Una visita al convento de Gondarín”** (1891), onde rememora unha excursión ao moi próximo e entón arruinado mosteiro de Armenteira.

Después de los años que han pasado, la memoria que guardo de las ruinas del convento de Gondarín, asemejase, por la vaga nebulosidad y melancólica saudade que la envuelve,

a las tintas tenues y difuminadas que adquieren las lejanías en los paisajes de mi tierra. [...] Atrás, en la ribera del río, acababa de ver hacía un momento un dolmen caído y saqueado; ahora tenía delante las venerandas reliquias de un convento: el altar de los celtas de la antigüedad, y el de los nuevos; los dos abandonados y ruinosos; los dos sin sacerdotes y sin culto. Ya no poblaban aquellas soledades las sombrías y ascéticas figuras de los frailes que vestían el tosco sayal y hacían penitencia; ya no subían por la orilla del río al mediar la noche los vates druidas que, ceñidas las blancas vestiduras de lino, iban a celebrar los cruentos sacrificios sobre la tosca piedra de los dólmenes que el muérdago cubría. ídolos, ritos, sombras augustas, todo había pasado con los siglos! Sobre aquellas ruinas, tocadas de la inmensa soledad de las almas muertas y sin afectos, parecía vagar un espíritu sublime y misterioso que, protegiéndolas con sus alas, las hacía sagradas. ¡El tiempo! que les prestaba, con la majestad de las grandezas caídas, el romanesco prestigio de todo lo pasado. [...] Allí quedaba, como único recuerdo de un sacerdocio ya extinguido, la encina sagrada a la cual la superstición popular aún concede no sé qué hechiceras virtudes....


("Una visita al convento de Gondarín", páxs. 1338-1340)

Interese literario (CAB)

Armenteira-Monte Castrove: A **visión de altura** que **dende a aba do Castrove, onde está a Armenteira**, alcanza ás **terras e mar do Salnés** inspirou a **Cabanillas** o precioso poema, "O casal de Caticovas", publicado en *Camiños no tempo*, Bibliófilos Gallegos, Santiago, 1949.

Do ceo borrarlento,
na saudosa paz
da atardecida,
cai a choiva sin vento,
fío a fío, esvaída,
nos erbeiros mimosos,
nos verdeclaros, ledos milleirales,
nos solenes pinales vagorosos,
nos fiunchos miudiños dos veirales
deste val de Salnés, vella campá
onde a céltiga raza achou asento,
fogar de fidalguía,
piorno furturento,
niño tépedo e mol,
cando chea de esprito relixioso
fa cara ó Poñente misterioso
namorada do Sol!
O Castrove xigante,
montaña-nai da terra ben querida
que se alonga soave, verdecida,
até ás praias de Atlante,
-íou, meu berce de neno! ¡ou, branco fume
do meu fogar deitado na ribeira! -
estú diante de mña, cinguído o cume

de brétema esgasada,
ollando a cruz de ferro de Lobeira
e axexando o mar outo da Lanzada.
-¡Miña nai, meu feitizo e meu namoro,
terra de pan levar!
¡Terra de diesmo e foro
de Andrés a Adina e de Armenteira ó
mar!
¡Terra boa ó traballo agradecida,
sin repouso nos séculos lañada;
na sementeira, do legón ferida
e escrava homilde do puxente arado;
ó recoller a anada,
cando o froito logrado,
pola renda de novo escravizada!
¡Terra sagra dos castros e os mosteiros,
dos milagres sinxelos, solermiños,
e dos medosos tráxicos cruceiros
nos alargos das xuntas dos camiños!
¡Carballeiras follosas,
veigas, valos, regueiros de Padrenda...



sempre o meu corazón terá unha fenda
que abriron nel lembranzas garimosas!
¡Torre de Santomé sóbor da praia,
por un miragre de dolor sostida,
onde unha reina seus amores laia
no misterio da noite estrelecida!

¡E ti Cambados!A alma miña encerra
teu carino n-un berro: ¡Mina Terra!-

A maina sereidade
desta hora do serán ten a dozura
dunha vella cantiga
de amor e de saudade.
Latexante, cun deixo de tristura,
unha voz sempre amiga,
namentras a luz morre no sosego
do estrado do casal nobre e labrego,
vai desfollando prácidas lembranzas
do camiño xa andado,
sonos idos e mortas esperanzas
do vello tempo xuvenil dourado,
como vai a moeña namorada
arrincando unha a unha, cavilosa,
da dúbida apreixada,
as velañas follas dunha rosa...!

No salgueiral os merlos asubían
un nocturno doente.
No aleiro do tellado
os caseiros pardales rechouchían
queda, quedñamente ...
(O pardal é un bó home, asesegado,
de vida sán e de concencia estreita,
que ó vir o día se ergue decontado,
que traballa, que come e que se deita
ó serán. O pardal é un home honrado).

Rube o canto das rans de aspro soído
dende o fondo enlamado da devesa.
Chora unha rula. En busca de seu dono,
na sala do casal anda perdido
o relembro dun sono...

Recenden as mazáns sóbor da mesa
e na brancura do mantel de liño
as xarras de cristal mostran, ridentes,
os nosos viños, sagros, recedentes
a erbaboa, a reseda e a tomiño:
lo esvaído verde do Loureiro,
os acesos rubís do agre Caiño,
o sangue roxo e mouro do Espadeiro
dóce e levián como unha canturía,
e os rebrilos doirados do Alvariño,
saltarín e algareiro,



que borracho de luz e de alegría
todo o ouro do sol ten prisioneiro!

Oise a campana da veciña aldea.
A noite bota enriba
o seu mantelo mouro
e sáí a lúa chea
como si fora unha laranxa de ouro,
e rube monte arriba
pola soave caeira,
redondiña e brillante,
e chega ó cume e dende alí, lixeira,
faise de prata e voa ceo adiante.

Pola mañán a luz é limpa e crara.
O pinal que se alonga na seara
verdelouro ás raiolas de Levante
abanea fungando unha lellía.
¡No hai pinga de ágoa que non brile e cante
Nin follá que non ría!

Dende a solana, debruzado, vexo
o aldeán cortexo
do enterro dunha nena
que morréu onte á tarde ó porse o sol.
Detrás da caixa a probe nai camiña
a chorar, a chorar, morta de pena,
fáille a berros o pranto unha veciña,
xoga nos árbores o ventíño mol,
un rapaz vai tanguendo a campaiña
e, por medo a abafar, leva o abade
aberto o parasol.

As erbiñas, á donda caridade,
son de cristal. As ágoas cantareiras,
as amarelas frores das toxadeiras,
o vento, a terra toda, latexando
arelante e saudosa,
está a pregar de amor, como chamando
por aquel berce en onde vai, senlleira,
a dormir para sempre, a branca rosa.



que a ferinte curíscra tromentosa
arrincóu da roseíra...

Penso que a Morte, a Morte tan temida,
é unha forma segreda,
sempre nova, da Vida,
da Vida que non sei si é triste ou leda.

E rosmando en voz baixa
unha cantiga mólida e doente
eu camiño tamén detrás da caixa,
sin bágoas, docemente,
vendo as labercas rebulir choutando
nas leiras de centeo,
o pensamento lonxe, cavilando
que podía que esta noite esté brillando
unha estreliña máis, alá, no ceo!

A PRAIA E ERMIDA DA LANZADA

Interese literario (VI) (CAB)

(VI). O noso recorrido remata fronte ao océano Atlántico, na praia e ermida da Lanzada, que na novela de Valle-Inclán, *Flor de Santidad*, se esconde tralo nome de Santa Baía de Cristamilde, pero que en *El embrujado. Tragedia de tierras de Salnés*, aparece designada polo seu propio nome:

En *Flor de santidad*, Ádega —rapaza orfa de pais despois do ano da fame de 1854—, é seducida por un vagabundo disfrazado de peregrino e queda preñada.

Recollida no Pazo de Brandeso, a súa su preñez é confundida co mal do “ramo cativo” polo que a señora decide que vaia en romaría a Santa Baía de Cristamilde, é dicir a Nosa Señora da Lanzada. A escena é unha fermosa descrición do lugar e do rito:

Santa Baya de Cristamilde está al otro lado del monte, allí en los arenales donde el mar brama. Todos los años acuden a su fiesta muchos devotos. La ermita, situada en lo alto, tiene un esquilón que se toca con una cadena: El tejado es de losas, y bien pudiera ser de oro



si la santa quisiera. Ádega, la dueña y un criado, han salido a la media tarde para llegar a la media noche, que es cuando se celebra la misa de las endemoniadas.
(...)

Al descender del monte, el camino se convierte en un vasto páramo de áspera y crujiante arena. El mar se estrella en las restingas, y de tiempo en tiempo, una ola gigante pasa sobre el lomo deforme de los peñascos que la resaca deja en seco: El mar vuelve a retirarse broando, y allá en el confin, vuelve a erguirse potente y misterioso del mundo. La caravana de mendigos descansa a lo largo del arenal. Las endemoniadas lanzan gritos estridentes, al subir la loma donde está la ermita, y cuajan espuma sus bocas blasfemas: los devotos aldeanos que las conducen, tienen que arrastrarlas. Bajo el cielo anubarrado y sin luna, graznan las gaviotas. Son las doce de la noche y comienza la misa. Las endemoniadas gritan retorciéndose:

¡Santa tiñosa, arráncale los ojos al frade!

Y con el cabello desmadejado y los ojos saltantes, pugnan por ir hacia el altar. A los aldeanos más fornidos les cuesta trabajo sujetarlas: Las endemoniadas jalean roncas, con los corpiños rasgados, mostrando la carne lívida de los hombros y de los senos: Entre sus dedos quedan enredados manojos de cabellos. Los gritos sacrílegos no cesan durante la misa:

¡Santa Baya, tienes un can rabioso que te visita en la cama!

(...)

Los aldeanos, arrodillados, cuentan las olas: Son siete las que habrá de recibir cada poseída para verse libre de los malos espíritus, y salvar su alma de la cárcel oscura del Infierno: ¡Son siete como los pecados del mundo!

(*Flor de santidad*, 663-666)

(CAB) A Lanzada. E neste entorno -Lanzada e illas de Ons e Noro-Cabanillas rende homenaxe á dorna, una das tradicionais embarcacións da beiramar arousa:

VEIRAMAR

Publicada en *El Pueblo Gallego*, 24-8-1952, co título de "A dorna".

Tumbada, quilla ó aire,
desfúise no areceiro a veila dorna.

Groria e lembro dos lonxanos días
nos que se déu ó mar como unha noiva,
replida e locente das carenas,
ben presada de estopas,
a branca vela ó vento cantareiro
nas atesadas cordas...!

Noites de lúa crara,
fondeada na posta,

deixándose ir e vir de vagariño
nas latexantes ondas,
como berce de neno
arrola que te arrola,
mentres as liñas soltan, rebulindo,
brincando, dando voltas,
os buraces de prata
nos paneles de proa...!

Firentes invernías,
tardes de vento e choiva
nas que galgante, a pulos, enrabiada,



entre as ágoas bruantes e revoltas,
sin medo de arroaces nin refachos,
co duro leste traicioneiro en loita,
coa guía daquel santo patriano
-¡Dios o teña na gloria!
-que dende Ons ou Noro,
deixando pola popa,
rabexante e ferverte,
longo ronsel de escumas briladoras,
unha Salve nos beizos

e unha man no timón e outra na escota,
san e salva, metfase no porto
mollada dos salseiros, trunfadora...!
Tumbada, quilla ó aire,
desfúise no areceiro a vella dorna...

Nunha cuaderna núa, apodrecida,
está pousada, inmobre, cavilosa
ollando a lonxanía,
como unha ibis sagra, unha gaivota.

FIN DA VIAXE

BIBLIOGRAFÍA DE REFERENCIA

VALLE-INCLÁN

Revista *Cuadrante*, Nº 0,1, 2, II, 28.

CHARLÍN PÉREZ Francisco Xavier e ALLEGUE, Gonzalo: *O mundo de Valle-Inclán. Viaxe ás orixes*. (Ed. En castelán: *El mundo de Valle-Inclán. Viaje a los orígenes*), Servicio de publicacións de Amigos de Valle Inclán, Vilanova de Arousa, 2008.

VALLE-INCLÁN, Ramón del: *Obras Completas*, Espasa-Calpe, Madrid, 2002.

CABANILLAS

REI, Luís: *Ramón Cabanillas. Crónica de desterrados e saudades*. Ed. Galaxia, Vigo, 2009.

